



Deputación
DA CORUÑA

LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO – EXERCICIO 2017

INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL E ANEXOS

SERVIZO
DE
CONTABILIDADE

INFORME DA INTERVENCIÓN XERAL

INFORME DO INTERVENTOR XERAL

Ultimados os traballos relativos á liquidación do Orzamento Xeral correspondente ao exercicio 2017 e obtidos os documentos liquidatorios deducidos da contabilidade do exercicio, procede dar a tan importante documento económico a tramitación establecida no artigo 191.3 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (en diante TRLRHL).

Os documentos que comprende a liquidación son os seguintes:

1.- Liquidación propiamente dita.

a) Liquidación do Orzamento de Gastos. Exercicio 2017

a.1) Agrupación cerrados

- Resumo por Capítulos

- Detalle por Partidas

a.2) Agrupación Corrente

- Resumo por Capítulos

- Detalle por Partidas

b) Liquidación do Orzamento de Ingresos. Exercicio 2017

b.1) Agrupación Cerrados.

- Resumo por capítulos

I. Dereitos anulados

II. Dereitos cancelados

- Detalle por Conceptos

I. Dereitos anulados

II. Dereitos cancelados

- b.2) Agrupación corrente
- Resumo por Capítulos
 - Detalle por Conceptos.

2.- Remanentes de Crédito 2017. Resumo por Capítulos

3.- Dereitos Pendentes de Cobranza e Obrigacións Pendente de pago a 31-12-2017. Resumo por Capítulos.

4.- Copia da Acta de Arqueo a 31 de decembro de 2017

5.- Resultado Orzamentario Exercicio 2017

6.- Remanente de Tesourería a 31-12-2017

SUMARIO

O presente informe desenvólvese a través das epígrafes que a continuación se detallan:

	Páxina Nº:
1.- ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017	7
<u>1.1.- ORZAMENTO INICIAL</u>	7
<u>1.2.- MODIFICACIÓNS AO ORZAMENTO INICIAL</u>	7
1.2.1.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO	7
1.2.2.- EXPEDIENTES DE XERACIÓN DE CREDITOS	9
1.2.3.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO	9
1.2.4.- AMPLIACIÓNS DE CRÉDITO	10
<u>1.3.- ORZAMENTO DEFINITIVO</u>	10
2.- DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: AGRUPACIÓN DE EXERCICIO CORRENTE	11
<u>2.1.- INGRESOS</u>	11
2.1.1.- DEREITOS LIQUIDADOS	11
2.1.2.- INGRESOS REALIZADOS	12
2.1.3.- COMENTARIOS ADICIONAIS SOBRE A EVOLUCIÓN DOS INGRESOS NO EXERCICIO 2017	13
<u>2.2.- GASTOS</u>	19
2.2.1.- CRÉDITOS RETIDOS	19
2.2.2.- GASTOS AUTORIZADOS	19
2.2.3.- GASTOS COMPROMETIDOS	20
2.2.4.- OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS	20
2.2.5.- PAGOS REALIZADOS	21
2.2.6.- DESVIACIÓNS SOBRE AS PREVISIÓNS. (REMANENTES DE CRÉDITO)	21
2.2.7.- OBSERVACIÓNS FINAIS: GASTOS	22
3.- ANÁLISE E DESENVOLVEMENTO DA AGRUPACIÓN DE EXERCICIOS CERRADOS	24

<u>3.1.- SITUACIÓN INICIAL</u>	24
<u>3.2.-MODIFICACIÓNS E PRESCRICIÓNS DE SALDOS INCORPORADOS Á AGRUPACIÓN DE CERRADOS</u>	24
<u>3.3.- ANULACIÓNS E CANCELACIÓNS DE DEREITOS DA AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS CERRADOS</u>	24
<u>3.4.- SALDOS INICIAIS DEFINITIVOS DA AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS CERRADOS</u>	25
<u>3.5.- INGRESOS REALIZADOS. AGRUPACIÓN CERRADOS</u>	25
<u>3.6.- PAGOS REALIZADOS. AGRUPACIÓN CERRADOS</u>	25
<u>3.7.- SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2017</u>	26
<u>3.8.- OBSERVACIÓNS FINAIS: EXECUCIÓN EXERCICIOS CERRADOS</u>	26
<u>3.9.- EVOLUCIÓN PENDENTE DE COBRANZA E PENDENTE DE PAGO</u>	27
4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO	29
<u>4.1.- CALCULO DO RESULTADO ORZAMENTARIO</u>	29
4.1.1.- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	30
4.1.2.- OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS NETAS	30
4.1.3.- RESULTADO ORZAMENTARIO SEN AXUSTAR	30
<u>4.2.- AXUSTES NO RESULTADO ORZAMENTARIO</u>	31
4.2.1.- GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA	31
4.2.2.- DESVIACIÓNS DE FINANCIAMENTO EN GASTOS CON FINANCIAMENTO AFECTADO	32
4.2.3.-RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO	33
5.- REMANENTES DE CRÉDITO	34
<u>5.1.- DETERMINACIÓN DOS REMANENTES DE CRÉDITO TOTAIS A 31/12/2017</u>	34
<u>5.2.- REMANENTES DE INCORPORACIÓN OBRIGATORIA</u>	35
<u>5.3.- REMANENTES DE INCORPORACIÓN VOLUNTARIA</u>	36
<u>5.4.- REMANENTES DE CRÉDITO NON INCORPORABLES</u>	36

6.- REMANENTE DE TESOURERÍA	37
<u>6.1.- DELIMITACIÓN E CALCULO DO REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL</u>	37
6.1.1.- FONDOS LÍQUIDOS	37
6.1.2.- DEREITOS PENDENTES DE COBRANZA	38
6.1.3.- OBRIGACIÓNS PENDENTES DE PAGO	38
6.1.4.- PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN	39
6.1.5.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	39
<u>6.2.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</u>	39
6.2.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRANZA DE DÍFICIL OU IMPOSIBLE RECADACIÓN	40
6.2.2.- EXCESOS DE FINANCIAMENTO AFECTADO	40
6.2.3.- CUANTIFICACIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	40
<u>6.3.- ESTADO COMPARATIVO DO REMANENTE DE TESOURERÍA PERÍODO 2014-2017</u>	41
<u>6.4.- APLICACIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS</u>	42
<u>7.- MAGNITUDES DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA</u>	44
8.- CONSIDERACIÓNS FINAIS	46
<u>8.1.- INDICADORES COMPLEMENTARIOS</u>	46
8.1.1.- AFORRO BRUTO	46
8.1.2.- AFORRO NETO SEGUNDO DATOS DA LIQUIDACIÓN.	48
8.1.3.- CAPITAL PENDENTE DE AMORTIZAR	49
<u>8.2.- TRAMITACIÓN E APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESPOSTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017</u>	49

ANEXOS

1.- AXUSTE AO RESULTADO ORZAMENTARIO. GASTOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERÍA (CADRO N.24)

2.- INFORME SOBRE OS DEREITOS DE DUBIDOSA COBRANZA

3.- DETALLE DOS CÁLCULOS DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

4.- DETALLE DOS CÁLCULOS DO OBXECTIVO DA REGRA DE GASTO

5.- INFORMES DO 4º TRIMESTRE DO ESTADO DE TRAMITACIÓN DAS FACTURAS

5.a) Período medio de pago a provedores

5.b) Informe da Lei de morosidade

6.- INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE O ESTADO DE EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES, APROBADAS NOS EXERCICIOS 2014, 2015, 2016 E 2017

1.- ORZAMENTO PROVINCIAL DO EXERCICIO 2017

1.1.- ORZAMENTO INICIAL

O orzamento inicialmente aprobado para o exercicio 2017 está formalmente equilibrado e ascende ás cifras que a continuación se indican:

INGRESOS (Recursos iniciais)	176.515.000 €
GASTOS (Créditos iniciais)	176.515.000 €

1.2.- MODIFICACIÓNS AO ORZAMENTO INICIAL

Durante o Exercicio 2017 tramitáronse un total de 43 expedientes de Modificación de Créditos, dos cales 5 foron aprobados polo Pleno e 38 pola Presidencia.

1.2.1.- CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS, SUPLEMENTOS E TRANSFERENCIAS DE CRÉDITO

Os expedientes tramitados no exercicio 2017 referentes a Suplementos, Créditos Extraordinarios e Transferencias de crédito supuxeron unha modificación global dos créditos de 150.926.105,73 €, a dita modificación global pódese distribuír entres especialidades:

- ✓ Modificacións cuantitativas á alza financiadas con cargo ao Remanente de Tesourería, por importe de 109.486.641,72 €
- ✓ Modificacións cualitativas financiadas por transferencias doutras partidas de gastos, por importe total de 2.909.077,91 €
- ✓ Modificacións cualitativas financiadas mediante baixas por anulación doutras partidas de gastos, por importe total de 36.003.442,94 €
- ✓ Modificacións cuantitativas á alza financiadas con cargo a Maiores Ingresos, por importe de 2.526.943,16 €

No cadro N.1 recóllese o detalle dos expedientes de Modificación de Créditos tramitados como Créditos Extraordinarios, Suplementos e Transferencias de Créditos e das fontes de financiamento utilizadas en cada un deles.

AUMENTOS					FINANCIAMENTO				
DATA APROB.	SUPLEMENTOS CREDITO	CREDITOS EXTRAORD.	TRANSFERENCECIAS	TOTAL	REMANENTE TESOURERIA	TRANSFERENCECIAS	BAIXAS POR ANULACIÓN	MAIORES INGRESOS	TOTAL
24/02/2017	48.126.622,73	4.712.671,48		52.839.294,21	52.839.294,21				52.839.294,21
06/03/2017			16.000,00	16.000,00		16.000,00			16.000,00
30/03/2017			165.000,00	165.000,00		165.000,00			165.000,00
28/04/2017	5.781.806,52	2.279.937,48		8.061.744,00	8.056.744,00		5.000,00		8.061.744,00
31/05/2017			52.000,00	52.000,00		52.000,00			52.000,00
05/06/2017			2.000,00	2.000,00		2.000,00			2.000,00
08/06/2017	8.177.246,59	20.102.492,56		28.279.739,15	2.714.405,63		25.565.333,52		28.279.739,15
08/06/2017			75.000,00	75.000,00		75.000,00			75.000,00
03/07/2017			20.000,00	20.000,00		20.000,00			20.000,00
09/08/2017			70.000,00	70.000,00		70.000,00			70.000,00
23/08/2017			36.035,00	36.035,00		36.035,00			36.035,00
11/09/2017			48.000,00	48.000,00		48.000,00			48.000,00
27/09/2017			10.000,00	10.000,00		10.000,00			10.000,00
27/09/2017			65.600,00	65.600,00		65.600,00			65.600,00
28/09/2017			20.000,00	20.000,00		20.000,00			20.000,00
29/09/2017	42.000.000,00			42.000.000,00	42.000.000,00				42.000.000,00
04/10/2017			50.000,00	50.000,00		50.000,00			50.000,00
06/10/2017			800,00	800,00		800,00			800,00
16/10/2017			70.000,00	70.000,00		70.000,00			70.000,00
20/10/2017			688.178,91	688.178,91		688.178,91			688.178,91
27/10/2017	16.401.692,47	434.557,99		16.836.250,46	3.876.197,88		10.433.109,42	2.526.943,16	16.836.250,46
27/10/2017			3.000,00	3.000,00		3.000,00			3.000,00
06/11/2017			5.100,00	5.100,00		5.100,00			5.100,00
22/11/2017			837.000,00	837.000,00		837.000,00			837.000,00
24/11/2017			1.000,00	1.000,00		1.000,00			1.000,00
01/12/2017			3.000,00	3.000,00		3.000,00			3.000,00
05/12/2017			15.000,00	15.000,00		15.000,00			15.000,00
13/12/2017			5.000,00	5.000,00		5.000,00			5.000,00
18/12/2017			117.700,00	117.700,00		117.700,00			117.700,00
19/12/2017			370.014,00	370.014,00		370.014,00			370.014,00
21/12/2017			116.700,00	116.700,00		116.700,00			116.700,00
21/12/2017			46.850,00	46.850,00		46.850,00			46.850,00
28/12/2017			100,00	100,00		100,00			100,00
TOTAIS	120.487.368,31	27.529.659,51	2.909.077,91	150.926.105,73	109.486.641,72	2.909.077,91	36.003.442,94	2.526.943,16	150.926.105,73

1.2.2.- EXPEDIENTES DE XERACIÓN DE CRÉDITOS

Durante o Exercicio 2017 aprobáronse 5 expedientes de Xeración de Crédito que supuxeron unha cantidade global de modificacións á alza de 686.995,29 €. Os devanditos expedientes foron financiados na súa totalidade por Maiores Compromisos de Ingreso.

No cadro Nº 2ponse de manifesto o resumo dos devanditos expedientes:

CADRO N.2: EXPEDIENTES DE XERACION DE CRÉDITOS	
FINALIDADE	IMPORTE
Exprop. Trav. DP 3604 San Xoán de Filgueira a Catabois PK 0,900 a PK 1,801	228.411,67
Plan de Formación Agrupado 2017	106.628,00
Proxecto Eixo-Estratexia de Inserción Xove	339.916,11
Prensa, revistas, libros e outras publicacións. IES Puga Ramón	12.039,51
TOTAL FINANCIAMENTO	686.995,29

1.2.3.- INCORPORACIÓN DE REMANENTES DE CRÉDITO

De conformidade co establecido na Base 16ª de Execución do Orzamento de 2017 e no artigo 47.3 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, durante o exercicio 2017 aprobáronse, por Resolución da Presidencia, 4 expedientes de Incorporación de Remanentes de 2016 ao 2017, (1 positivo e 3 negativos) que representaron unha modificación neta á alza de 129.021.444,39 € e foron financiados de acordo co esquema seguinte:

* Con cargo a Compromisos de Ingreso	7.214.719,30 €
* Con cargo a Remanente de Tesourería Afectado	83.699,73 €
* Con cargo a Remanente de Tesourería para Gastos Xerais	121.723.025,36 €
<u>TOTAL</u>	<u>129.021.444,39 €</u>

1.2.4.- AMPLIACIÓN DE CRÉDITO

De conformidade co establecido na Base 13ª de Execución do Orzamento de 2017 e no artigo 39.1 do Real decreto 500/90, do 20 de abril, durante o exercicio 2017 aprobouse, por Resolución da Presidencia, 1 expediente de Ampliación de Crédito por un importe total de 100.000,00 € e que foi financiado cun aumento nas previsións de ingresos.

1.3.- ORZAMENTO DEFINITIVO

Tal e como quedou reflectido nos apartados anteriores as modificacións cuantitativas nos Créditos Iniciais do Orzamento foron de 241.822.024,56 € conforme ao seguinte resumo:

- Créditos Extraordinarios.....	27.529.659,51 €
- Suplementos de Crédito.....	120.487.368,31 €
- Baixas por Anulación.....	-36.003.442,94 €
- Xeracións de Crédito.....	686.995,29 €
- Incorporación de Remanentes de Crédito.....	129.021.444,39 €
- Ampliacións de crédito.....	100.000,00 €

Como consecuencia das devanditas modificacións, o Orzamento definitivo para 2017 ofrece o seguinte resumo:

Recursos definitivos (Ingresos)	418.337.024,56 €
Créditos definitivos (Gastos)	418.337.024,56 €

É preciso aclarar que o Remanente de Tesourería incorporado aos conceptos de ingresos correspondentes para financiar modificacións de créditos en gastos e/ou substituír o financiamento de créditos consignados como iniciais, non pode ser, como é lóxico, obxecto de liquidación de dereitos, polo que ao analizar o desenvolvemento e execución do Orzamento de Ingresos dun determinado exercicio temos que considerar que:

$$RD=RI+MPI-RT$$

Onde:

"RD" = Recursos definitivos
"RI" = Recursos Iniciais
"MPI" = Modificacións das previsións Iniciais
"RT" = Remanente de Tesourería incorporado

O importe total do Remanente de Tesourería de 2016 utilizado en 2017 foi de 231.293.366,81 €, con arranxo ao seguinte detalle:

- Remanente de Tesourería para Gastos Xerais (Concepto 87000 Prto. Ingresos).....	231.209.667,08 €
- Remanente de Tesourería para Gastos con Financiamento Afectado (Concepto 87010 Prto. Ingresos).....	83.699,73 €

Aplicando datos concretos á fórmula expresada temos:

$$RD \text{ axustados} = 176.515.000,00 + 241.822.024,56 - 231.293.366,81 = 187.043.657,75 \text{ €}$$

En créditos definitivos non procede a realización de ningún axuste, pois a totalidade dos créditos son susceptibles de utilización.

Así pois ao analizar nos puntos seguintes o desenvolvemento e execución o Orzamento do Exercicio 2017 utilizaremos as seguintes cifras de partida:

$$RD = 187.043.657,75 \text{ €}$$

$$CD = 418.337.024,56 \text{ €}$$

2.- DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN DO ORZAMENTO: AGRUPACIÓN DE EXERCICIO CORRENTE

2.1.- INGRESOS

2.1.1.- DEREITOS LIQUIDADOS

Durante o exercicio 2017 liquidáronse dereitos na Agrupación de exercicio corrente, por importe bruto de 196.615.747,50 €. Do devandito importe anuláronse dereitos por 2.245.678,16 €, e canceláronse dereitos por 661,84 €, dando un importe neto de Dereitos liquidados de 194.369.407,50 € o que en cifras relativas representa un 103,92 % sobre os recursos definitivos.

No seguinte cadroponse de manifesto a evolución experimentada durante o período 2013/2017:

CADRO N.3: DEREITOS LIQUIDADOS

ANO	RECURSOS DEFINITIVOS (A)	DEREITOS LIQUIDADOS (B)	DIFERENZA C = (B-A)	PORCENTAXE (B s/A)	PORCENTAXE DESVIACIÓN(Cs/A).
2017	187.043.657,75	194.369.407,50	7.325.749,75	103,92%	3,92%
2016	183.418.531,17	191.911.787,69	8.493.256,52	104,63%	4,63%
2015	179.489.728,10	193.596.394,95	14.106.666,85	107,86%	7,86%
2014	167.000.305,29	185.693.130,95	18.692.825,66	111,19%	11,19%
2013	168.293.077,28	193.189.848,91	24.896.771,63	114,79%	14,79%

2.1.2.- INGRESOS REALIZADOS.

Do total de dereitos liquidados na agrupación de Orzamento corrente, (194.369.407,50 €), foron ingresados na Facenda provincial 179.103.064,52 €, o que equivale ao 92,15 % figurando o 7,85 % restante como pendente de cobranza, ou en cifras absolutas 15.266.342,98 €. No seguinte cadroponse de manifesto a evolución experimentada polos ingresos realizados na Agrupación de exercicio corrente, durante o período 2013/2017:

CADRO N.4: INGRESOS REALIZADOS

ANO	RECURSOS DEFINITIVOS (A)	DEREITOS LIQUIDADOS (B)	INGRESOS REALIZADOS (C)	DIFERENZAS		PORCENTAXES	
				(C - A)	(B - C)	(C s/A)	(C s/B)
2017	187.043.657,75	194.369.407,50	179.103.064,52	-7.940.593,23	15.266.342,98	95,75%	92,15%
2016	183.418.531,17	191.911.787,69	177.042.381,22	-6.376.149,95	14.869.406,47	96,52%	92,25%
2015	179.489.728,10	193.596.394,95	181.469.740,61	1.980.012,51	12.126.654,34	101,10%	93,74%
2014	167.000.305,29	185.693.130,95	171.743.515,91	4.743.210,62	13.949.615,04	102,84%	92,49%
2013	168.293.077,28	193.189.848,91	175.811.155,87	7.518.078,59	17.378.693,04	104,47%	91,00%

Para unha mellor apreciación da evolución dos ingresos dos exercicios 2016-2017 expónse a continuación o cadro comparativo correspondente:

CADRO N.5: INGRESOS - EVOLUCIÓN NOS EJERCICIOS 2016/2017

CAPITULO	RECURSOS INICIAIS			RECURSOS DEFINITIVOS			DEREITOS LIQUIDADOS NETOS			INGRESOS NETOS		
	2016	2017	%	2016	2017	%	2016	2017	%	2016	2017	%
IMPOSTOS DIRECTOS	16.113.432,58	16.554.058,91	2,73	16.113.432,58	16.554.058,91	2,73	17.909.403,08	17.596.535,00	-1,75	16.646.465,74	16.275.474,30	-2,23
IMPOSTOS INDIRECTOS	14.396.701,53	14.253.764,85	-0,99	14.396.701,53	14.253.764,85	-0,99	15.224.220,27	15.084.978,13	-0,91	14.036.406,52	13.839.422,26	-1,40
TAXAS E OUTROS INGRESOS	10.519.620,98	9.216.441,87	-12,39	10.519.620,98	9.241.441,87	-12,15	11.166.172,87	9.636.359,11	-13,70	10.599.578,54	9.075.294,42	-14,38
TRANSFERENCIAS CORRENTES	131.814.277,44	135.782.239,50	3,01	133.149.167,16	139.620.133,60	4,86	146.073.338,49	148.597.222,66	1,73	134.291.870,69	136.778.417,23	1,85
INGRESOS PATRIMONIAIS	710.248,65	375.244,87	-47,17	710.248,65	375.244,87	-47,17	751.917,33	308.334,15	-58,99	751.917,33	308.334,15	-58,99
TOTAL O. CORRENTES	173.554.281,18	176.181.750,00	1,51	174.889.170,90	180.044.644,10	2,95	191.125.052,04	191.223.429,05	0,05	176.326.238,82	176.276.942,36	-0,03
ALLEAM. INVESTIMENTOS REAIS	1.569.708,00	134.400,00	0,00	1.569.708,00	134.400,00	-91,44	20.138,21	1.948.876,88	9.577,51	16.839,38	1.670.904,44	9.822,60
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0	0	0,00	6.409.606,45	6.565.763,65	2,44	-11.150,27	70.861,72	-735,52	-78.444,69	31.962,20	-140,74
ACTIVOS FINANCIEROS	475.045,82	198.850,00	-58,14	550.045,82	298.850,00	-45,67	777.747,71	1.126.239,85	44,81	777.747,71	1.123.255,52	44,42
PASIVOS FINANCIEROS	0	0	0,00	0	0	#DIV/0!	0	0	#DIV/0!	0	0	#DIV/0!
TOTAL O. DE CAPITAL	2.044.753,82	333.250,00	-83,70	8.529.360,27	6.999.013,65	-17,94	786.735,65	3.145.978,45	299,88	716.142,40	2.826.122,16	294,63
TOTAL POR CAPITULOS	175.599.035,00	176.515.000,00	0,52	183.418.531,17	187.043.657,75	1,98	191.911.787,69	194.369.407,50	1,28	177.042.381,22	179.103.064,52	1,16

✓ En Recursos definitivos do Cap. 8 non se ten en conta o Remanente de Tesourería utilizado como fonte de financiamento polos motivos indicados no punto 1.3.- deste informe.

2.1.3.- COMENTARIOS ADICIONAIS SOBRE A EVOLUCIÓN DOS INGRESOS NO EJERCICIO 2017:

A análise dos datos reflectidos nos cadros 3, 4 e 5 permite concluír o seguinte:

PRIMEIRA: DEREITOS LIQUIDADOS

Os dereitos liquidados durante o exercicio 2017 representan o 103,92 % dos recursos definitivos. Esta porcentaxe é lixeiramente inferior aos catro exercicios anteriores.

Para valorar adecuadamente a evolución dos dereitos liquidados no exercicio 2017 deben tomarse en consideración as circunstancias que a continuación se expresan:

1. No ano 2017 liquidáronse dereitos polos distintos compoñentes da Participación en Tributos do Estado correspondentes aos conceptos e períodos que se indican a continuación:

CADRO N.6: IMPOSTOS ESTATAIS CEDIDOS E PIE

CONCEPTO	Previsións totais	Dtos .Recoñecidos Totais	Dereitos Anulados	Dereitos Recoñecidos Netos	Recadación Líquida	Dereitos Pendentes de Cobranza
IRPF 100	11.217.640,59	12.131.234,31	35.071,92	12.096.162,39	11.108.268,43	987.893,96
IVE 210	10.605.801,07	11.484.900,51	254.685,96	11.230.214,55	10.262.332,67	967.881,88
ALCOL 22000	145.629,69	157.192,38	3.474,75	153.717,63	139.681,63	14.036,00
CERVEXA 22001	47.606,20	53.466,81	0,00	53.466,81	48.958,84	4.507,97
TABACO 22003	1.398.788,22	1.395.720,19	0,00	1.395.720,19	1.314.493,31	81.226,88
HIDROCARBUROS 22004	2.052.189,10	2.264.524,07	17.948,10	2.246.575,97	2.069.157,02	177.418,95
PRODUTOS INTERMEDIOS 22006	3.750,57	5.282,98	0,00	5.282,98	4.798,79	484,19
FONDO COMPLEMENTARIO FINANCIAMENTO 42010	137.241.159,66	148.815.020,49	1.827.079,32	146.987.941,17	135.169.135,74	11.818.805,43
COMPENSACIÓN POR BENEFICIOS FISCAIS 42020	26.000,00	48.419,47	0,00	48.419,47	48.419,47	0,00
TOTAIS	162.738.565,10	176.355.761,21	2.138.260,05	174.217.501,16	160.165.245,90	14.052.255,26

Os dereitos anulados que figuran no cadro anterior por importe de 2.138.260,05 €, refírense na súa totalidade a devolucións de ingresos que reflicten as cantidades que se han devolver ao Ministerio de Economía e Facenda como consecuencia da liquidación definitiva dos exercicios 2008, 2009 e 2015 da Participación nos Tributos do Estado, correspondendo por exercicios 405.164,04 € ao 2008, 1.717.005,60 € ao 2009 e 16.090,41 € ao 2015. Para os anos de liquidación indicados, as devolucións practicadas financiáronse 1.827.079,32 € a través do modelo xeral de variables – concepto 42010 *Fondo Complementario de Financiamento* – e o resto 311.180,73 € a través do modelo de cesión de rendementos do resto de conceptos incluídos na táboa anterior, dos cales o maior financiamento con 254.685,96 € canalizouse a través do concepto de Impostos sobre o Valor Engadido.

Respecto ao pendente de cobranza, ha que indicar que o total 14.052.255,26 €, correspóndese na súa totalidade co importe neto da entrega a conta de decembro de 2017, ao quedar contabilizada a devolución relativa ás liquidacións negativas de 2008 e 2009 no propio exercicio 2017.

2. A diferenza entre os Recursos Definitivos de 187.043.657,75 € e os Dereitos Liquidados de 194.369.407,50 € que ascende a 7.325.749,75 € explícase polos seguintes compoñentes:

2.1.-Uns compoñentes positivos, superiores neste exercicio aos negativos, que expresan maiores dereitos liquidados que previsións definitivas por importe de 15.560.388,10 €.

CADRO 7.2.1.- CONCEPTOS CON DEFECTO DE PREVISION				
Eco.	Descrición	Previsións totais	Dereitos Recoñecidos Netos	Exceso de dtos. Recoñecidos
100	IMPOSTO SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FISICAS	11.217.640,59	12.096.162,39	878.521,80
17101	RECARGA PROVINCIAL IAE. COTAS PROVINCIAIS E NACIONAIS	1.312.199,02	1.578.982,50	266.783,48
210	IMPOSTO SOBRE O VALOR ENGADIDO	10.605.801,07	11.230.214,55	624.413,48
22000	IMPOSTO SOBRE O ALCOL E BEBIDAS DERIVADAS	145.629,69	153.717,63	8.087,94
22001	IMPOSTO SOBRE A CERVEXA	47.606,20	53.466,81	5.860,61
22004	IMPOSTO SOBRE HIDROCARBUROS	2.052.189,10	2.246.575,97	194.386,87
22006	IMPOSTO SOBRE PRODUTOS INTERMEDIOS	3.750,57	5.282,98	1.532,41
32500	TAXAS POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS	40.000,00	43.520,89	3.520,89
32501	TAXAS POR DEREITOS DE EXAME	100,00	1.979,63	1.879,63
338	COMPENSACIÓN DE TELEFÓNICA DE ESPAÑA SA	130.000,00	146.365,02	16.365,02
33900	TAXAS POR AUTORIZACION EN VIAS PROVINCIAIS	60.000,00	90.685,61	30.685,61
34200	PREZO PÚBLICO CENTRO RESIDENCIAL D CALVO SOTELO	30.000,00	34.921,43	4.921,43
34201	PREZO PÚBLICO INSTALACIÓNS AULAS CALVO SOTELO	500,00	812,00	312,00
38901	REINTEGRO SUBVENCIONS CONCEDIDAS	75.000,00	275.975,22	200.975,22
38902	REINTEGRO POR PRESTACIONS DE I. L. T.	0,00	219.367,46	219.367,46
38903	REINTEGRO IMPORTE ANUNCIOS A CARGO DE PARTICULARES	30.000,00	40.910,10	10.910,10
38904	REINTEGRO GASTOS A CARGO DE CONTRATISTAS	1.000,00	29.475,13	28.475,13
39190	OUTRAS MULTAS E SANCIONS	15.500,00	138.181,54	122.681,54
39200	RECARGAS POR DECLARACIÓN EXTEMPORÁNEA SEN REQ. PREVIO	200,00	1.380,74	1.180,74
39210	RECARGA EXECUTIVA	1.000,00	5.096,77	4.096,77
39211	RECARGA DE CONSTRINXIMENTO	15.000,00	25.487,50	10.487,50
39300	XUROS DE MORA	60.000,00	136.396,21	76.396,21
39902	CUSTOS DO PROCEDEMENTO RECADATORIO	16.000,00	19.804,83	3.804,83
42010	FONDO COMPLEMENTARIO DE FINANCIAMENTO	137.241.159,66	146.987.941,17	9.746.781,51
42020	COMPENSACIÓN POR BENEFICIOS FISCAIS	26.000,00	48.419,47	22.419,47
42300	DE LOTERIAS E APOSTAS DO ESTADO	420.000,00	492.310,82	72.310,82
45030	TRANSF. CORR. CUMP. CONVENIO CC.AA. EN MATERIA DE EDUCACIÓN	597.023,00	796.029,48	199.006,48
49799	OUTRAS TRANSFERENCIAS DÁ UNIÓN EUROPEA	0,00	25.000,00	25.000,00
550	DE CONCESIONS ADMINIS. CON CONTRAPREST. PERIÓDICA	3.392,28	6.348,70	2.956,42
619	DOUTROS INVESTIMENTOS REAIS	0,00	1.611.359,00	1.611.359,00
68000	REINTEGROS DE INVESTIMENTOS DE EXERCICIOS CERRADOS	0,00	59.291,44	59.291,44
68099	OUTROS REINTEGROS POR OPERACIONS DE CAPITAL DE EX. CERRADOS	0,00	278.226,44	278.226,44
82120	DE ENTIDADES LOCAIS	0,00	481.196,48	481.196,48
83100	REINTEGRO DE PAGAS CONCEDIDAS AO PERSOAL A L/P	298.850,00	645.043,37	346.193,37
TOTAIS		164.445.541,18	180.005.929,28	15.560.388,10

Da análise do cadro N. 7.2.1.-, destacan os seguintes excesos sobre previsións definitivas derivados na súa gran maioría das liquidacións definitivas da participación nos tributos do estado, localizados basicamente en:

- O capítulo 4, no que se recolle o Fondo Complementario de Financiamento, onde os dereitos recoñecidos foron superiores aos inicialmente previstos en 10.065.518,28 €, dos cales un total de 9.746.781,51 € corresponden exactamente ao propio Fondo Complementario.
- O capítulo 1, cun exceso total de dereitos de 1.145.305,28 €, dos cales 878.521,80 € corresponden a liquidacións Participación tributos do Estado, en concreto de IRPF.
- O capítulo 2, cun exceso total de dereitos de 834.281,31 €, correspondentes na súa totalidade a liquidacións Participación Tributos do Estado, dos que 624.413,48 son de IVE.

Ademais destacar tamén o capítulo 6, cun exceso total de dereitos de 1.948.876,88 €, dos cales 1.605.359,00 € corresponden á venda da Parcela 1 e 2 do Polígono Industrial de Sabón (452.000,00 € e 1.153.359,00, respectivamente).

2.2.-Uns compoñentes negativos que expresan uns dereitos liquidados inferiores ás previsións definitivas, por importe de 8.234.638,35 €.

CADRO 7.2.2.- CONCEPTOS CON EXCESO DE PREVISIÓN				
Eco.	Descrición	Previsións totais	Dereitos Recoñecidos Netos	Defecto de Dtos. Recoñecidos
17100	RECARGA PROVINCIAL NO IAE	4.024.219,30	3.921.390,11	-102.829,19
22003	IMPOSTO SOBRE OS LABORES DO TABACO	1.398.788,22	1.395.720,19	-3.068,03
31200	TAXAS POR SERVIZOS CONSERVATORIO P. DE DANZA	40.000,00	38.937,18	-1.062,82
32900	TAXAS POR PUBLICACIÓN DE ANUNCIOS NON BOP	180.000,00	171.917,06	-8.082,94
32901	TAXAS POR SERVIZO DE RECADACION PROVINCIAL	8.110.063,81	7.868.780,97	-241.282,84
34300	PREZO SERVIZO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS CALVO SOTELO	8.000,00	7.688,60	-311,40
34900	PREZO SERVIZO INSTALACIÓNS PAZO DE MARIÑÁN	15.000,00	5.422,60	-9.577,40
360	VENDA DE PUBLICACIÓNS PROPIAS	6.300,00	0,00	-6.300,00
38900	REINTEGRO POR RENUNCIA A BOLSAS PROVINCIAIS	100,00	0,00	-100,00
38999	OUTROS REINTEGROS POR OPERACIÓNS CORRENTES	678,06	117,80	-560,26
39110	MULTAS POR INFRACCIÓNS TRIBUTARIAS E ANÁLOGAS	20.000,00	13.954,91	-6.045,09
39900	INCAUTACIÓN DE FIANZAS E PENALIDADES	20.000,00	19.097,40	-902,60
39901	INDEMNIZACIÓNS	16.000,00	15.383,31	-616,69
39903	INGRESOS DE ASEGURADORAS	1.000,00	0,00	-1.000,00
39904	COMPENS.SERV.ATT.MENORES F.I. EMILIO ROMAY	180.000,00	176.125,16	-3.874,84
39905	COMPENS.SERV.ATT.MENORES C.D.M. DE FERROL	70.000,00	64.893,66	-5.106,34

CADRO 7.2.2.- CONCEPTOS CON EXCESO DE PREVISIÓN				
Eco.	Descrición	Previsións totais	Dereitos Recoñecidos Netos	Defecto de Dtos. Recoñecidos
39999	OUTROS INGRESOS DIVERSOS	100.000,00	43.680,38	-56.319,62
45050	TF. CORR. CUMP. CONV. CC.AA. DE EMPREGO E DESENV. LOCAL	0,00	-1.111,11	-1.111,11
45051	APORTAC.DA ESCOLA GALEGA DE ADMÓN.PÚBLICA (EGAP)	171.523,00	89.457,00	-82.066,00
45080	OUTRAS SUBV. CORR. DÁ ADMINISTRACIÓN XRAL. DÁ CC.AA.	12.039,51	-5.600,49	-17.640,00
49006	ACHEGA DO FSE AO PROX. REDE XIANA 2	812.472,32	235.336,32	-577.136,00
49008	ACHEGA DO FSE AO PROX. EIXO, ESTRATEXIA DE INSERCIÓN XOVE	339.916,11	0,00	-339.916,11
49110	ACHEGA DO FEDER AO PROX. MELLORA CAMIÑO INGLÉS A SANTIAGO	0,00	-70.560,00	-70.560,00
52000	XUROS DE CONTAS OPERATIVAS E RESTRINXIDAS	153.373,96	88.306,63	-65.067,33
52001	XUROS DE CONTAS FINANCEIRAS	213.878,63	213.678,82	-199,81
559	OUTRAS CONCESIÓNS E APROVEITAMENTOS	4.600,00	0,00	-4.600,00
600	VENDA DE SOARES	134.400,00	0,00	-134.400,00
76200	ACHEGA DE CONCELLOS AO PLAN DE TRAVESIAS	6.213.256,03	75.949,72	-6.137.306,31
79101	ACHEGA DO FEDER A PROGRAMAS DE DESENVOLVEMENTO LOCAL	0,00	-5.088,00	-5.088,00
79900	ACHEGA DO MFEEE AO PROGRAMA ENERXÍAS RENOVABLES	352.507,62	0,00	-352.507,62
TOTAIS		22.598.116,57	14.363.478,22	-8.234.638,35

Do anterior cadro N. 7.2.2.-, destacan como compoñentes de desviacións negativas:

- As derivadas dos conceptos dos capítulos 4 e 7 relacionados con programas de gasto con financiamento finalista, consecuencia dos desfaseamentos temporais que se producen entre a súa realización e a xustificación do gasto perante os axentes financiadores.
- As derivadas por taxas do Servizo de Recadación Provincial.

3. A situación a 31 de decembro de 2017 dos concellos da provincia que xestionan e recadan a recarga provincial do Imposto sobre Actividades Económicas, é a que se resume no seguinte cadro:

Cadro N.8: CONCELLOS DA PROVINCIA QUE XESTIONAN E RECADAN A RECARGA PROVINCIAL DO IAE

Concello	Dereitos Recoñecidos 171.00 (RD)	Modificación saldo inicial Anulación de cerrados 171.00 (MRD/)	Cobranzas contraído previo 171.00 (I)	Cobranzas contraído simultáneo 171.00 (IS)	Gastos e Ingresos en compensación Taxa de cobranza 0310/93233/22502 (RD-I)	Dtos. liquidados pendentes de cobranza 31.12.17	Observacións
A CORUÑA	0,00		28.728,79		0,00	0,00	
AS PONTES	37.312,65		37.312,65		0,00	0,00	
BOIRO	0,00		0,00		0,00	0,00	
CARBALLO	0,00		0,00		0,00	0,00	
CORISTANCO	5.275,90		5.275,90		0,00	0,00	
FERROL	0,00		0,00		0,00	0,00	
MUGARDOS	CORRECTO		0,00		2.182.078,29	0,00	
NOIA	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	
OLEIROS	0,00		0,00		0,00	0,00	
A POBRA	0,00		0,00		0,00	0,00	
RIANXO	0,00		0,00	0,00	0,00	0,00	
SANTIAGO	0,00		0,00		0,00	0,00	O 27/12/17 informouse a formalización da taxa de cobranza a Tesourería, con posterioridade con data do 16/01/2018 emitíuse RC de exercicio corrente, polo que está pendente de resolución de presidencia para a súa contabilización en xaneiro do 2018
TOTAIS	42.588,55		71.317,34	0,00	2.182.078,29	0,00	
	42.588,55		2.253.395,63				

SEGUNDA: COBRANZAS REALIZADAS

As cobranzas realizadas durante o exercicio 2017 ascenderon a 179.103.064,52 € supondo en cifras porcentuais un 92,15 % dos dereitos liquidados, que equivale a unha diminución de 0,10 puntos respecto ao exercicio 2016, o que deriva nun lixeiro aumento do pendente de cobranza a 31 de decembro respecto do exercicio anterior, que en cifras absolutas supón un total de 15.266.342,98 €.

Entre os dereitos liquidados que figuran pendentes de cobranza a 31 de decembro de 2017, deben destacarse os relativos aos seguintes conceptos:

- ✓ Pendente de cobranza polos distintos conceptos de participación de tributos do Estado, por importe total de 14.052.255,26 €. A dita cifra corresponde na súa totalidade ao importe neto da entrega a conta de decembro 2017, sendo o concepto 42010 “Fondo Complementario de Financiamento” o que absorbe o maior importe, cun pendente de 11.818.805,43 €.
- ✓ Os correspondentes á Recarga Provincial no IAE por un importe total de 333.166,74 €.

- ✓ Os correspondentes a Multas e Sancións por un importe total de 98.526,91 €.
- ✓ Os correspondentes á Compensación polo Servizo de atención a menores no Fogar Infantil Emilio Romay por importe de 142.481,06 e en Centro de Día de Ferrol por importe de 47.507,46 €.
- ✓ Os correspondentes ao Reintegro de Subvencións Concedidas por importe de 101.230,57 €.
- ✓ Os correspondentes a Outros Reintegros por Operacións de capital de exercicios cerrados por importe de 277.972,44 €.

2.2.- GASTOS

2.2.1.- CRÉDITOS RETIDOS.

CADRO N.9: CRÉDITOS RETIDOS

ANO	CRÉDITOS DEFINITIVOS (A)	CRÉDITOS RETIDOS (B)	DIFERENZA (A-B)	PORCENTAXE (B s/A)
2017	418.337.024,56	384.922.551,03	33.414.473,53	92,01%
2016	362.100.169,03	328.057.876,49	34.042.292,54	90,60%
2015	341.283.664,44	314.852.349,81	26.431.314,63	92,26%
2014	311.451.356,07	293.399.623,63	18.051.732,44	94,20%
2013	288.537.397,84	265.301.486,02	23.235.911,82	91,95%

Durante o exercicio 2017 e dentro da agrupación de Exercicio "corrente" retivéronse créditos por un importe total de 384.922.551.03 €, sobre uns créditos definitivos de 418.337.024,56 € o que representa o 92,01 % do total, quedando en situación de crédito dispoñible a diferenza, por importe de 33.414.473,53 € equivalente ao 7,99%.

2.2.2.-GASTOS AUTORIZADOS

CADRO N.10:GASTOS AUTORIZADOS

ANO	CRÉDITOS DEFINITIVOS (A)	CRÉDITOS RETIDOS (B)	GASTOS AUTORIZADOS (C)	DIFERENZAS		PORCENTAXES	
				(A - C)	(B - C)	(C s/A)	(C s/B)
2017	418.337.024,56	384.922.551,03	321.938.265,58	96.398.758,98	62.984.285,45	76,96%	83,64%
2016	362.100.169,03	328.057.876,49	260.713.474,67	101.386.694,36	67.344.401,82	72,00%	79,47%
2015	341.283.664,44	314.852.349,81	236.364.760,60	104.918.903,84	78.487.589,21	69,26%	75,07%
2014	311.451.356,07	293.399.623,63	258.846.654,85	52.604.701,22	34.552.968,78	83,11%	88,22%
2013	288.537.397,84	265.301.486,02	232.821.754,05	55.715.643,79	32.479.731,97	80,69%	87,76%

Durante o exercicio 2017 e dentro da agrupación de Exercicio "corrente" autorizáronse gastos por un importe total de 321.938.265,58 €, sobre uns créditos retidos de 384.922.551,03 € o que representa o 83,64 % do total, quedando saldo de crédito retido pola diferenza que ascende a 62.984.285,45 € equivalente ao 16,36 %.

2.2.3.- GASTOS COMPROMETIDOS

CADRO N. 11: GASTOS COMPROMETIDOS

ANO	CRÉDITOS DEFINITIVOS (A)	GASTOS AUTORIZADOS (B)	GASTOS COMPROMETIDOS (C)	DIFERENZAS		PORCENTAXES	
				(A - C)	(B - C)	(C s/A)	(C s/B)
2017	418.337.024,56	321.938.265,58	248.415.307,19	169.921.717,37	73.522.958,39	59,38%	77,16%
2016	362.100.169,03	260.713.474,67	208.922.684,31	153.177.484,72	51.790.790,36	57,70%	80,13%
2015	341.283.664,44	236.364.760,60	219.845.199,48	121.438.464,96	16.519.561,12	64,42%	93,01%
2014	311.451.356,07	258.846.654,85	225.003.840,66	86.447.515,41	33.842.814,19	72,24%	86,93%
2013	288.537.397,84	232.821.754,05	224.421.310,56	64.116.087,28	8.400.443,49	77,78%	96,39%

Durante o exercicio 2017 e dentro da agrupación de Exercicio "corrente" comprometéronse gastos por un importe total de 248.415.307,19 €, sobre uns gastos autorizados de 321.938.265,58 € o que representa o 77,16 % do total, quedando en situación de gasto autorizado pendente de comprometer, a diferenza por importe de 73.522.958,39 € equivalentes ao 22,84 %.

2.2.4.- OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS.

Durante a execución do Orzamento de 2017 contraéronse, na Agrupación de "Exercicio Corrente", obrigacións por importe de 182.913.841,32 € o que equivale ao 43,72 % de créditos definitivos do Orzamento de Gastos, e ao 73,63 % dos gastos comprometidos no exercicio.

A continuación ponse de manifesto a evolución experimentada no período 2013/2017:

CADRO N.12: OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS

ANO	CRÉDITOS DEFINITIVOS (A)	GASTOS COMPROMETIDOS (B)	OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS (C)	DIFERENZAS		PORCENTAXES	
				(A - C)	(B - C)	(C s/A)	(C s/B)
2017	418.337.024,56	248.415.307,19	182.913.841,32	235.423.183,24	65.501.465,87	43,72%	73,63%
2016	362.100.169,03	208.922.684,31	138.102.845,77	223.997.323,26	70.819.838,54	38,14%	66,10%
2015	341.283.664,44	219.845.199,48	166.360.519,27	174.923.145,17	53.484.680,21	48,75%	75,67%
2014	311.451.356,07	225.003.840,66	170.138.220,02	141.313.136,05	54.865.620,64	54,63%	75,62%
2013	288.537.397,84	224.421.310,56	169.187.856,81	119.349.541,03	55.233.453,75	58,64%	75,39%

2.2.5.- PAGOS REALIZADOS

Do importe total das obrigacións recoñecidas que ascenden a 182.913.841,32 €, 180.537.239,08 € foron atisfeitas a través da Tesourería Provincial, o que equivale ao 98,70 %, quedando o 1,30 % restante pendente de pago, ou en cifras absolutas 2.376.602,24 €. Respecto ao período 2013/2017, a evolución experimentada é a seguinte:

CADRO N.13: PAGOS REALIZADOS.

ANO	CRÉDITOS DEFINITIVOS (A)	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS (B)	PAGOS REALIZADOS (C)	DIFERENZAS		PORCENTAXES	
				(A - C)	(B - C)	(C s/ A)	(C s/ B)
2017	418.337.024,56	182.913.841,32	180.537.239,08	237.799.785,48	2.376.602,24	43,16%	98,70%
2016	362.100.169,03	138.102.845,77	136.439.830,98	225.660.338,05	1.663.014,79	37,68%	98,80%
2015	341.283.664,44	166.360.519,27	164.848.556,51	176.435.107,93	1.511.962,76	48,30%	99,09%
2014	311.451.356,07	170.138.220,02	167.853.219,54	143.598.136,53	2.285.000,48	53,89%	98,66%
2013	288.537.397,84	169.187.856,81	166.751.289,35	121.786.108,49	2.436.567,46	57,79%	98,56%

2.2.6.- DESVIACIÓN SOBRE AS PREVISIÓN. (REMANENTES DE CRÉDITOS)

As desviacións nas obrigacións recoñecidas, Agrupación de Exercicio Corrente, con respecto aos créditos definitivos do Orzamento sitúanse no 56,28 %, o que en cifras absolutas representa 235.423.183,24 €. No seguinte cadroponse de manifesto a evolución experimentada durante o período 2013/2017:

CADRO N.14: DESVIACIÓN ORZAMENTARIAS

ANO	CRÉDITOS DEFINITIVOS	OBRIGACIÓN RECOÑECIDAS	DESVIACIÓN ORZAMENTARIAS	% S/ CRÉDITOS DEFINITIVOS
2017	418.337.024,56	182.913.841,32	235.423.183,24	56,28%
2016	362.100.169,03	138.102.845,77	223.997.323,26	61,86%
2015	341.283.664,44	166.360.519,27	174.923.145,17	51,25%
2014	311.451.356,07	170.138.220,02	141.313.136,05	45,37%
2013	288.537.397,84	169.187.856,81	119.349.541,03	41,36%

2.2.7.- OBSERVACIÓNS FINAIS: GASTOS

Para unha valoración da evolución da execución dos gastos provinciais nos exercicios 2016 e 2017 recóllese a continuación o cadro comparativo correspondente:

CADRO N.15:GASTOS: EVOLUCIÓN NOS EXERCICIOS 2016/2017

CAPITULO	CRÉDITOS INICIAIS			CRÉDITOS DEFINITIVOS			OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS			PAGOS REALIZADOS NETOS		
	2016	2017	%	2016	2017	%	2016	2017	%	2016	2017	%
GASTOS DE PERSOAL	39.839.503,89	39.318.562,60	-1,31	40.292.660,09	39.482.257,30	-2,01	36.517.927,46	37.410.180,34	2,44	36.517.845,27	37.408.698,71	2,44
GASTOS BENS CORR. E SERV.	22.545.924,35	25.096.416,08	11,31	31.481.220,76	38.230.676,64	21,44	17.494.840,35	22.403.902,77	28,06	17.213.018,31	21.762.085,99	26,43
GASTOS FINANCEIROS	20.000,00	20.000,00	0,00	82.851,56	20.341,84	-75,45	61.779,14	7.916,69	-87,19	57.313,41	7.916,69	-86,19
TRANSFERENCIAS CORRENTES	45.857.965,76	48.463.687,82	5,68	62.943.167,74	84.577.792,04	34,37	33.477.608,99	54.642.485,80	63,22	32.958.892,13	54.428.691,11	65,14
FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	3.512.000,00	3.530.000,00	0,51	3.512.000,00	3.530.000,00	0,51	0	0		0	0	
TOTAL O. CORRENTES	111.775.394,00	116.428.666,50	4,16	138.311.900,15	165.841.067,82	19,90	87.552.155,94	114.464.485,60	30,74	86.747.069,12	113.607.392,50	30,96
INVESTIMENTOS REAIS	22.402.870,00	17.888.562,50	-20,15	54.208.225,72	55.406.620,39	2,21	13.563.379,31	14.613.811,88	7,74	13.514.642,35	14.353.466,51	6,21
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.355.000,00	20.117.000,00	3,94	142.305.746,12	167.235.419,02	17,52	25.508.801,71	43.246.314,32	69,53	24.699.610,70	42.032.451,74	70,17
ACTIVOS FINANCEIROS	22.065.771,00	22.080.771,00	0,07	27.274.297,04	29.853.917,33	9,46	11.478.508,81	10.589.229,52	-7,75	11.478.508,81	10.543.928,33	-8,14
PASIVOS FINANCEIROS	0	0	#DIV/0!	0		#DIV/0!	0	0	#DIV/0!	0	0	#DIV/0!
TOTAL O. DE CAPITAL	63.823.641,00	60.086.333,50	-5,86	223.788.268,88	252.495.956,74	12,83	50.550.689,83	68.449.355,72	35,41	49.692.761,86	66.929.846,58	34,69
TOTAL POR CAPITULOS	175.599.035,00	176.515.000,00	0,52	362.100.169,03	418.337.024,56	15,53	138.102.845,77	182.913.841,32	32,45	136.439.830,98	180.537.239,08	32,32

Da análise dos datos recolleitos nos cadros 9 a 15, pódense obter as consideracións seguintes:

PRIMEIRA:- OBRIGACIÓNS RECOÑECIDAS

O grao de execución do orzamento de gastos, exercicio corrente, aumentou respecto ao exercicio anterior en 5,58 puntos porcentuais, cun importe de obrigacións recoñecidas netas que ascendeu a 182.913.841,32 €.

En 2017 orzáronse para “Investimentos Financeiramente Sustentables” (IFS) os conceptos e importes que se indican no apartado “6.4.- APLICACIÓN DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS” e no anexo N. 6 que se acompaña a este informe.

O importe total dos créditos que non chegaron a fase de recoñecemento de obrigación ascendeu a 235.423.183,24 €, que constitúe a cifra de remanentes de crédito do exercicio 2017, e representa o 56,28 % dos créditos definitivos, cunha lixeira diminución respecto ao exercicio inmediato anterior, debido ao incremento no grao de execución orzamentaria deste exercicio económico.

SEGUNDA: PAGOS REALIZADOS

O importe total dos pagos realizados durante o exercicio 2017 ascende a 180.537.239,08 € e representa o 98,70 % do total das obrigacións recoñecidas. En consecuencia, o importe das obrigacións recoñecidas no exercicio que quedou pendente de pago o 31 de decembro foi de 2.376.602,24 €, é dicir, o 1,30 % destas.

Debe significarse, por outra banda, que a maior parte das obrigacións pendentes de pago a 31 de decembro de 2017 da Agrupación de Orzamento Corrente proceden das recoñecidas no mes de decembro do devandito exercicio.

3.- ANÁLISE E DESENVOLVEMENTO DA AGRUPACIÓN DE EXERCICIOS CERRADOS

3.1.- SITUACIÓN INICIAL

A agrupación de exercicios cerrados está conformada inicialmente polos importes dos dereitos pendentes de cobranza e das obrigacións pendentes de ordenación ou materialización de pago resultantes da Liquidación do Orzamento do exercicio inmediato anterior.

No caso que nos ocupa, a Agrupación de Cerrados do Exercicio 2017, parte dos datos obtidos da liquidación do Orzamento de 2016 que a continuación se indican:

Saldo Inicial de Dereitos Pendentes de cobranza	18.175.219,91 €
Saldo Inicial de Obrigacións Pendentes de Pago (<i>suma de obrigacións pendentes de ordenar o pago e de pagos ordenados pendentes de materializar</i>)	1.887.324,48 €

3.2.- MODIFICACIÓNS E PRESCRICIÓN DE SALDOS INCORPORADOS Á AGRUPACIÓN DE CERRADOS

3.2.1.- Durante o exercicio 2017 producíronse modificacións nos saldos iniciais de dereitos liquidados e de pagos ordenados da agrupación de cerrados, de conformidade co detalle por capítulos que se mostra no cadro que se inclúe a continuación:

	CAP. 1	CAP.3	CAP.4	CAP.7	TOTAL MODIFICACIÓNS SALDOS INICIAIS CERRADOS
GASTOS			-10.566,29	-9.765,60	-20.331,89
INGRESOS	2,29	-65.304,83			-65.302,54

3.2.2.- No exercicio 2017 non se tramitou ningún expediente de prescrición de obrigacións recoñecidas nesta agrupación.

3.3.- ANULACIÓNS E CANCELACIÓNS DE DEREITOS DA AGRUPACIÓN DE PRTOS. CERRADOS

Ademais das modificacións nos saldos iniciais de dereitos recoñecidos durante o exercicio 2017 anuláronse e cancelado dereitos por importe de 10.363,91 € e 141.113,33 €, respectivamente.

Do total de dereitos cancelados (141.113,33 €), 135.346,28 € correspóndense con insolvencias e o rest, é dicir, 5.767,05 € con outras causas.

Canto aos dereitos anulados, a totalidade, que ascende a 10.363,91 € correspóndense con anulación deliquidacións xa que non houbo anulacións por aprazamento e fraccionamento.

3.4.- SALDOS INICIAIS DEFINITIVOS DA AGRUPACIÓN DE ORZAMENTOS CERRADOS

Se aos saldos iniciais incorporados á Agrupación de Exercicios cerrados e detallados no punto 3.1.- deste informe, aplicámoslles as modificacións, anulacións e cancelacións, en máis e en menos referidas nos apartados anteriores, obtemos o seguinte resultado:

Dereitos liquidados pendentes de Cobranza. Agrupación Cerrados	17.958.440,13 €
Obrigacións Recoñecidas pendentes de materializar. Agrupación Cerrados	1.866.992,59 €

Estes saldos iniciais definitivos son os que se tomarán como base para a análise do grao de execución da Agrupación de Cerrados, que se desenvolve a continuación.

3.5.- INGRESOS REALIZADOS. AGRUPACIÓN CERRADOS

Do total de dereitos liquidados nesta agrupación, 17.958.440,13 €, foron ingresados na Caixa Provincial 14.362.045,99 €, o que equivale ao 79,97 % figurando o 20,03 % restante como pendente de cobranza, ou en cifras absoluta 3.596.394,14 €.

No seguinte cadro ponse de manifesto a evolución experimentada durante o período 2013/2017, tomando como base, para toda a serie, as cantidades liquidadas unha vez efectuadas as modificacións do saldo inicial de Dereitos Liquidados:

CADRO 17: INGRESOS REALIZADOS.AGRUPACION CERRADOS.

ANO	INGRESOS REALIZADOS	% S/ D. LIQUIDADOS
2017	14.362.045,99	79,97
2016	11.549.761,89	77,75
2015	13.974.101,76	83,28
2014	15.326.344,02	84,07
2013	11.012.774,13	92,19

3.6.- PAGOS REALIZADOS. AGRUPACIÓN DE CERRADOS

Do total de obrigacións recoñecidas e pagos ordenados pendentes de materializar nesta agrupación ao comezo do exercicio e que ascenden a 1.887.324,48 € foron materializados a través da Tesourería durante o ano 2017 a case totalidade dos mesmos (1.537.567,80 €), quedando como pendente de ordenación e/ou materialización a 31 de decembro de 2017, 329.424,79 €.

A continuación ponse de manifesto a evolución experimentada durante o período 2013/2017, tomando como base, para toda a serie as obrigacións resultantes unha vez efectuadas as modificacións ao saldo inicial de Obrigacións recoñecidas se as houber:

CADRO N. 18: PAGOS REALIZADOS. AGRUPACIÓN CERRADOS

ANO	PAGOS REALIZADOS	% S/ O. RECOÑECIDAS E PAGOS ORDENADOS
2017	1.537.567,80	82,36
2016	1.514.112,76	87,10
2015	2.273.950,48	90,94
2014	2.221.157,77	91,16
2013	3.340.648,60	100,00

3.7.- SITUACIÓN A 31-12-2017

Unha vez considerados as cobranzas e pagos efectuados polos dereitos recoñecidos pendentes de cobranza e as obrigacións liquidadas pendentes de pago da Agrupación de exercicios cerrados a 1 de xaneiro de 2017 obtéñense as seguintes magnitudes a 31 de decembro de 2017:

Saldo final de Dereitos Pendentes de cobranza	3.596.394,14 €
Saldo final de Obrigacións Pendentes de materializar	329.424,79 €

De forma resumida, a evolución das magnitudes de exercicios cerrados pódese observar a continuación:

	SALDO INICIAL (1)	MODIFICACIÓN SALDO INICIAL (2)	PRESCRIPCIÓN OBRIGACIÓN (3)	DEREITOS CANCELADOS (4)	DEREITOS ANULADOS (5)	COBRANZAS/PAGOS (6)	SALDO FINAL (1)+(2)-(3)-(4)-(5)-(6)
Dereitos pdtes. de cobranza	18.175.219,91	-65.302,54		141.113,33	10.363,91	14.362.045,99	3.596.394,14
Obrigacións pdtes. de pago	1.887.324,48	-20.331,89				1.537.567,80	329.424,79

3.8.- OBSERVACIÓN FINAIS: EXECUCIÓN EXERCICIOS CERRADOS

Tal e como se aprecia no cadro 17, o grao de realización dos ingresos da agrupación de exercicios cerrados é de 79,97 %, cifra que aumentou en 2,22 puntos porcentuais respecto ao ano anterior, aínda que segue sendo lixeiramente inferior ao resto de anos da serie.

En relación cos pagos, diminuíu o grao de realización respecto ao resto dos anos da serie sendo 4,74 puntos inferior ao de 2016.

No cadro que se inclúe a continuación detállanse os dereitos pendentes de cobranza e as obrigacións pendentes de pago de orzamentos cerrados por exercicio de procedencia.

CADRO Nº 19: ORZAMENTOS CERRADOS. PENDENTE DE COBRANZA E PENDENTE DE PAGO A 31/12/2017.DETALLE POR EJERCICIOS DE PROCEDENCIA

ANO	DEREITOS PENDENTES DE COBRANZA	OBRIGACIÓN PENDENTES DE PAGO
2006	6.821,08	0
2007	9.893,83	0
2008	25.643,48	0
2009	36.794,23	0
2010	51.179,41	0
2011	96.196,85	0
2012	127.350,38	0
2013	1.839.641,45	215.409,69
2014	345.690,05	5.400,00
2015	420.418,17	3.000,00
2016	636.765,21	105.615,10
TOTAL	3.596.394,14	329.424,79

3.9.- EVOLUCIÓN PENDENTE DE COBRANZA E PENDENTE DE PAGO

Para unha mellor comprensión da execución dos saldos incorporados á agrupación de exercicios cerrados de gastos e ingresos inclúense a continuación uns cadros comparativos da evolución do pendente de cobranza e pago do período 2013-2017, detallado por exercicios de procedencia dos saldos e expresado en cifras absolutas.

Para a correcta interpretación destes cadros é preciso ter en conta que as cifras absolutas oscilan considerablemente en función da situación na que se atope a materialización de pagos e/ou ingresos do último exercicio incorporado á devandita agrupación (esta última achega normalmente un elevado nº de pagos expedidos e/ou dereitos liquidados no mes de decembro e que non son obxecto de materialización e/ou imputación do ingreso ata o exercicio seguinte, por peche contable) .

CADRO N. 20: EVOLUCIÓN PENDENTE DE COBRANZA. AGRUPACIÓN
CERRADOS PERÍODO 2013/2017

EXERCICIOS	2013	2014	2015	2016	2017
2000					
2001	63,76	63,76			
2002	341,66	315,22	287,77		
2003	578,27	578,27	578,27		
2004					
2005	310.979,83	310.787,25	1.896,11	396,11	
2006	8.062,15	7.409,76	7.400,76	7.400,76	6.821,08
2007	15.027,65	14.532,83	10.329,31	10.329,31	9.893,83
2008	31.918,96	30.486,46	27.805,06	26.739,26	25.643,48
2009	65.113,45	48.405,43	42.201,87	39.592,14	36.794,23
2010	95.402,93	74.950,31	62.504,37	58.761,22	51.179,41
2011	160.970,75	150.895,22	131.955,97	110.182,50	96.196,85
2012	244.046,68	184.162,64	156.819,05	140.274,09	127.350,38
2013		2.081.572,50	1.905.442,66	1.872.103,41	1.839.641,45
2014			457.439,59	367.086,37	345.690,05
2015				672948,27	420.418,17
2016					636.765,21
TOTAIS	932.506,09	2.904.159,65	2.804.660,79	3.305.813,44	3.596.394,14

Tal e como se aprecia no cadro anterior, o pendente de cobranza a 31 de decembro, da agrupación de cerrados, incrementouse lixeiramente con respecto ao exercicio anterior. A cifra máis importante segue figurando no capítulo 6 e correspóndese cun importe pendente de 1.593.905,48 € relativo ao recoñecemento de dereitos por venda de soares en Archer Milton Huntington, pendente da execución da Sentenza 527/96 a favor da Deputación.

Respecto da evolución do pendente de pago, a situación móstrase no cadro que se insire a continuación:

CADRO N. 21: EVOLUCIÓN PENDENTE DE PAGO. AGRUPACIÓN
CERRADOS PERÍODO 2013/2017

EXERCICIOS	2013	2014	2015	2016	2017
2005	0	0	0		
2006	0	0	0		
2007	0	0	0		
2008	0	0	0		
2009	0	0	0		
2010	0	0	0		
2011	0	0	0		
2013	0	215.409,69	215.409,69	215.409,69	215.409,69
2014			11.050,00	5.650,00	5.400,00
2015				3.250,00	3.000,00
2016					105.615,10
TOTAIS	0,00	215.409,69	226.459,69	224.309,69	329.424,79

4.- RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO

O resultado orzamentario constitúe unha característica das administracións públicas, legalmente suxeitas ao principio de Orzamento anual, que, ao final de cada exercicio, debe poñer de manifesto, de acordo co seu signo, o déficit ou superávit obtido polo suxeito contable, derivado exclusivamente da execución do Orzamento do exercicio ao que se refire.

O resultado orzamentario regúlase nos artigos 96 e 97 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, e na Norma 10ª de elaboración das contas anuais, contida na terceira parte do anexo da Orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

4.1.- CALCULO DO RESULTADO ORZAMENTARIO

Cuantitativamente, o resultado orzamentario dun exercicio pode definirse da seguinte forma:

$$\mathbf{RP = D - O}$$

Sendo:

RP = Resultado Orzamentario do Exercicio

D = Dereitos Recoñecidos netos durante o Exercicio

O = Obrigacións Recoñecidas Netas durante o Exercicio

4.1.1.- DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS.

O artigo 32 e a Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, na redacción dada a ambos os preceptos pola Lei orgánica 9/2013, de control da débeda comercial no sector público, refírense ao destino do superávit orzamentario por operacións non financeiras das distintas administracións públicas nos seguintes termos:

«Artigo 32. Destino do superávit orzamentario.

1. No caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e Corporacións locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este é inferior ao importe do superávit que se ha destinar á redución de débeda.
2. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema.
3. Para efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública para os efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.»

«Disposición adicional sexta. Regras especiais para o destino do superávit orzamentario.

1. Será de aplicación o disposto nos apartados seguintes desta disposición adicional ás corporacións locais nas que concorran estas dúas circunstancias:
 - a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das facendas locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.
 - b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta lei.
2. No ano 2014, para os efectos da aplicación do artigo 32, relativo ao destino do superávit orzamentario, terase en conta o seguinte:
 - a) As Corporacións locais deberán destinar, en primeiro lugar, o superávit en contabilidade nacional ou, se é menor, o remanente de tesourería para gastos xerais a atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas a 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulte de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigacións pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas ao peche do exercicio anterior.

b) No caso de que, atendidas as obrigas citadas na letra a) anterior, o importe sinalado na letra a) anterior se manteña con signo positivo e a Corporación local opte pola aplicación do disposto na letra c) seguinte, deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2014.

c) Se cumprido o previsto nas letras a) e b) anteriores a Corporación local ten un saldo positivo do importe sinalado na letra a), este poderase destinar a financiar investimentos sempre que ao longo da vida útil do investimento esta sexa financeiramente sustentable. Para estes efectos a lei determinará, tanto os requisitos formais como os parámetros que permitan cualificar un investimento como financeiramente sustentable, para o que se valorará especialmente a súa contribución ao crecemento económico a longo prazo. Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago establecido na normativa sobre morosidade.

3. Excepcionalmente, as Corporacións locais que no exercicio 2013 cumpran co previsto no apartado 1 respecto da liquidación do seu orzamento do exercicio 2012, e que ademais no exercicio 2014 cumpran co previsto no apartado 1, poderán aplicar no ano 2014 o superávit en contabilidade nacional ou, se fose menor, o remanente de tesourería para gastos xerais resultante da liquidación de 2012, conforme coas regras contidas no apartado 2 anterior, se así o deciden por acordo do seu órgano de goberno.

4. O importe do gasto realizado de acordo co establecido nos apartados dous e tres desta disposición non se considerará como gasto computable para os efectos da aplicación da regra de gasto definida no artigo 12.

5. En relación con exercicios posteriores a 2014, mediante Lei de orzamentos xerais do Estado poderase habilitar, atendendo á conxuntura económica, a prórroga do prazo de aplicación previsto neste artigo.»

A definición, alcance, contido e tramitación dos “investimentos financeiramente sustentables” realízanse a través da Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os danos causados nos dous primeiros meses de 2014 polas tormentas de vento e mar na fachada atlántica, que incorpora unha nova Disposición adicional décimo sexta ao Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

«Disposición adicional décimo sexta. *Investimento financeiramente sustentable.*

Para os efectos do disposto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, entenderase por investimento financeiramente sustentable a que cumpra todos os requisitos seguintes:

1. Que o investimento se realice, en todo caso, por entidades locais que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Ademais, deberá ter reflexo orzamentario nos seguintes grupos de programas recollidos no anexo I da Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos da entidades locais:

161. Saneamento, abastecemento e distribución de augas.

162. Recollida, eliminación e tratamento de residuos.

165. Iluminación pública.

172. Protección e mellora do medio ambiente.

412. Mellora das estruturas agropecuarias e dos sistemas produtivos.

422. Industria.

425. Enerxía.

431. Comercio.

432. Ordenación e promoción turística.

441. Promoción, mantemento e desenvolvemento do transporte.

442. Infraestruturas do transporte.

452. Recursos hidráulicos.

463. Investigación científica, técnica e aplicada.

491. Sociedade da información.

492. Xestión do coñecemento.

O investimento poderá ter reflexo orzamentario nalgún dos grupos de programas seguintes:

133. Ordenación do tráfico e do estacionamento.

155. Vías públicas.

171. Parques e xardíns.

336. *Protección do patrimonio histórico-artístico.*

453. *Estradas.*

454. *Camiños veciñais.*

933. *Xestión do patrimonio: aplicadas á rehabilitación e reparación de infraestruturas e inmobles propiedade da entidade local afectos ao servizo público.*

Cando o gasto de investimento nestes grupos de programas, considerados en conxunto, sexa superior a 10 millóns de euros e supoña incremento dos capítulos 1 ou 2 do estado de gastos vinculado aos proxectos de investimento requirirá autorización previa da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

2. Quedan excluídos, tanto os investimentos que teñan unha vida útil inferior a cinco anos, como as que se refiran a adquisición de mobiliario, aparellos e vehículos, salvo que se destinen á prestación do servizo público de transporte.

3. O gasto que se realice deberá ser imputable ao capítulo 6 do estado de gastos do orzamento xeral da Corporación local.

De forma excepcional poderán incluírse tamén indemnizacións ou compensacións por rescisión de relacións contractuais, imputables noutros capítulos do orzamento da Corporación local, sempre que estas teñan carácter complementario e se deriven directamente de actuacións de reorganización de medios ou procesos asociados ao investimento acometido. No caso das Deputacións provinciais, Consellos e Cabidos insulares poderán incluír gasto imputable tamén no capítulo 6 e 7 do estado de gastos dos seus orzamentos xerais destinados a financiar investimentos que cumpran o previsto nesta disposición e se asignen a municipios que:

a) Cumpran co disposto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril,

b) ou ben, non cumprindo o disposto na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, o investimento non comporte gastos de mantemento e así quede acreditado no seu Plan económico-financieiro convenientemente aprobado.

4. Que o investimento permita, durante a súa execución, mantemento e liquidación, dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria, e débeda pública por parte da Corporación local. A tal fin valorarase, o gasto de mantemento, os posibles ingresos ou a redución de gastos que xere o investimento durante a súa vida útil.

5. A iniciación do correspondente expediente de gasto e o recoñecemento da totalidade das obrigacións económicas derivadas do investimento executado deberao realizar a Corporación local antes da finalización do exercicio de aplicación da disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.

No entanto, no caso de que un proxecto de investimento non se poida executar integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2015.

6. O expediente de gasto que se tramite incorporará unha memoria económica específica, subscrita polo presidente da Corporación local, ou a persoa da Corporación local en quen delegue, na que se conterá a proxección dos efectos orzamentarios e económicos que poderían derivarse do investimento no horizonte da súa vida útil. O órgano interventor da Corporación local informará acerca da consistencia e soporte das proxeccións orzamentarias que conteña a memoria económica do investimento en relación cos criterios establecidos nos apartados anteriores.

Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e publicarase no seu portal web.

7. Sen prexuízo dos efectos que poidan derivarse da aplicación da normativa de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, se o informe do interventor da Corporación local ao que se refire o apartado anterior é desfavorable, o interventor remitirao ao órgano competente da Administración pública que teña atribuída a tutela financeira da Corporación local.

8. O interventor da Corporación local informará ao Ministerio de Facenda e Administracións públicas dos investimentos executados en aplicación do establecido nesta disposición.»

A Disposición Adicional Novena do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira de las comunidades autónomas y entidades locales y otras de carácter económico, regulou o destino do superávit das entidades locais correspondente ao ano 2014 nos seguintes termos:

"En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2014 prorrógase para 2015 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo."

A Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2016, dedica a Disposición adicional octoxésima segunda ao destino do superávit das entidades locais correspondente ao exercicio 2015:

"Disposición adicional octoxésima segunda. Destino do superávit das entidades locais correspondente a 2015.

En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2015 prorrógase para 2016 a aplicación das regras contidas na Disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para o que se deberá ter en conta a Disposición adicional décimo sexta do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Para os efectos do apartado 5 da última disposición citada as referencias aos anos 2014 e 2015, deberán entenderse a 2016 e 2017, respectivamente.

Posteriormente, a lei 3/2017, do 27 xuño de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, refírese ao "destino do superávit do ano 2016" na súa Disposición adicional nonaxésimo sexta nos seguintes termos:

"En relación co destino do superávit orzamentario das entidades locais correspondente ao ano 2016, prorrógase para 2017 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Para os efectos do apartado 5 da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2017, a parte restante do gasto autorizado en 2017 poderase comprometer e recoñecer no exercicio 2018, financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2017 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incorrer en déficit ao final do exercicio 2018".

II.- INVERSIONES FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES TRAMITADAS NO EJERCICIO 2014:

A través da Resolución da Presidencia nº 2.552, do 13 de febreiro de 2014, aprobouse a liquidación do Orzamento do exercicio 2013. A dita liquidación contiña a avaliación do superávit orzamentario por operacións non financeiras do ano 2013.

A aplicación do superávit orzamentario por operacións non financeiras do exercicio 2013 levouse a cabo a través dos acordos do Pleno corporativo que a continuación se indican:

1.- Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito número 3/2014, na sesión plenaria do 27 de xuño. No devandito Expediente contéplase unha dotación orzamentaria de 4.248.313,67 euros para o "Plan DTC-93: "Unha Deputación para todos os Concellos".

2.- Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito número 4/2014, na sesión do 30 de xullo. Neste EMC inclúese unha dotación orzamentaria de 13.748.218,58 euros, o que totaliza 17.996.532,25 euros de dotación total para o citado plan.

Aprobación das Bases reguladoras do "Plan DTC 93: unha Deputación para todos os Concellos", en sesión do 20 de decembro de 2013. Posteriormente, na sesión plenaria do 28 de marzo de 2014 modificáronse as bases reguladoras iniciais para recoller as condicións dos investimentos a realizar, que deben adecuarse á definición dos "investimentos financeiramente sustentables" contida nas normas de aplicación citadas.

Tras os diferentes actos e acordos municipais e provinciais de execución do “Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os Concellos”, a situación orzamentaria a 31 de decembro de 2014, segundo a información contida na liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2014, era a que se detalla no seguinte cadro

Org.	Fun.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	EMC nº3 C. Extraord.	EMC nº 4 Cr.Extraor. Suplemento		Modificac.	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ó Compromisos	Obrigacións Recoñecidas
0430	133A	76201	DTC 93- Ordenación do tráfico e do estacionamento	0,00		184.456,50		184.456,50	184.456,50	184.456,50	184.456,50	0,00	0,00
0430	155B	76201	DTC 93- Vías públicas urbanas	0,00	799.578,70		5.745.511,29	6.545.089,99	6.545.089,99	6.545.023,79	6.545.023,79	32.800,00	16.400,00
0430	161C	76201	DTC 93- Saneamento, abastecemento e distr. de augas	0,00	563.318,81		525.233,34	1.088.552,15	1.088.552,15	1.088.552,15	1.088.552,15	152.154,93	76.077,47
0430	162B	76201	DTC 93- Recollida, eliminación e tratamento de residuos	0,00		261.699,93		261.699,93	261.699,93	261.699,93	261.699,93	0,00	0,00
0430	165B	76201	DTC 93- Iluminación pública	0,00		1.358.511,91		1.358.511,91	1.358.511,91	1.358.511,91	1.358.511,91	8.838,77	4.419,39
0430	171C	76201	DTC 93- Parques e xardíns	0,00		337.403,34		337.403,34	337.403,34	337.403,34	337.403,34	0,00	0,00
0430	172G	76201	DTC 93- Protección e mellora do medio ambiente	0,00		57.402,92		57.402,92	57.402,92	57.402,92	57.402,92	0,00	0,00
0430	336F	76201	DTC 93- Arq. e protección do patrimonio histórico- art.	0,00		89.520,05		89.520,05	89.520,05	89.520,05	89.520,05	0,00	0,00
0430	453E	76201	DTC 93- Estradas municipais	0,00	1.631.010,58		3.421.017,42	5.052.028,00	5.052.028,00	5.052.028,00	5.052.028,00	22.963,34	11.481,67
0430	454C	76201	DTC 93- Camiños municipais e veciñais	0,00	1.254.405,58		1.612.587,59	2.866.993,17	2.866.993,17	2.866.993,17	2.866.993,17	56.982,35	28.491,18
0430	933K	76201	DTC 93- Xestión do patrimonio	0,00		154.874,29		154.874,29	154.874,29	154.874,29	154.874,29	0,00	0,00
					4.248.313,67	2.443.868,94	11.304.349,64	17.996.532,25	17.996.532,25	17.996.466,05	17.996.466,05	273.739,39	136.869,71

DTC- 93, 1ª Fase: 4.248.313,60
DTC- 93, 2ª Fase: 13.748.218,58
DTC- 93, TOTAL: 17.996.532,25

EMC Nº 3/2014 aprobado Pleno 27 de xuño
EMC Nº 4/2014 aprobado Pleno 30 de xullo

Achega Deputación 1ª Fase: 3.901.823,50
Achega Deputación 2ª Fase: 14.094.708,75

Na oficina virtual para a coordinación financeira coas entidades locais, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, incluíuse a información correspondente ao total de obrigacións recoñecidas nas distintas partidas orzamentaria de aplicación do Plan DTC 93, que ascendía a 136.869,71 euros.

III.- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES TRAMITADAS NO EXERCICIO 2015.

Ao longo do exercicio 2015 continuouse a tramitación e execución dos proxectos incluídos como investimentos financeiramente sustentables no “Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os Concellos”, unha vez incorporados os remanentes de crédito do exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto no apartado 5 da Disposición adicional sexta do TRLRHL.

A situación do 31 de decembro de 2015 dos créditos orzamentarios asignados ao Plan DTC 93 contéñense no cadro seguinte:

Org.	Fun.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ou Compromisos	Obrigas Recoñecidas	Pagos Ordenados	de Créditos dispoñibles
0430	1332	76201	DTC 93- Ordenación do tráfico e do estacionamento	0,00	184.456,50	183.856,50	183.856,50	84.542,74	42.271,37	42.271,37	600,00
0430	1533	76201	DTC 93- Pavimentación de vías públicas	0,00	6.528.623,79	6.173.255,14	6.173.255,14	5.968.751,72	5.458.330,52	5.458.330,52	355.368,65
0430	1602	76201	DTC 93- Saneamento, abastecemento e distr. de augas	0,00	1.012.474,68	997.096,54	997.096,54	997.096,54	932.313,20	932.313,20	15.378,14
0430	1652	76201	DTC 93- Iluminación pública	0,00	1.354.092,52	1.015.385,66	1.015.385,66	1.015.385,66	681.400,76	681.400,76	338.706,86
0430	1712	76201	DTC 93- Parques e xardíns	0,00	337.403,34	316.651,03	316.651,03	243.952,24	194.630,45	194.630,45	20.752,31
0430	3366	76201	DTC 93- Protección e xestión do patrimonio histórico- art.	0,00	89.520,05	89.520,05	89.520,05	89.520,05	89.520,05	89.520,05	0,00
0430	4534	76201	DTC93- Estradas	0,00	5.040.546,33	4.839.593,22	4.839.465,84	4.808.763,36	4.573.183,01	4.573.183,01	200.953,11
0430	4542	76201	DTC 93- Camiños veciñais	0,00	2.838.501,99	2.813.815,29	2.813.815,29	2.561.127,31	2.397.857,54	2.397.857,54	24.686,70
0430	16212	76201	DTC 93- Recollida, eliminación e tratamento de residuos	0,00	261.699,93	219.902,89	219.902,89	219.902,89	219.902,89	219.902,89	41.797,04
0430	17224	76201	DTC 93- Protección e mellora do medio ambiente	0,00	57.402,92	46.500,00	46.500,00	46.500,00	46.500,00	46.500,00	10.902,92
0430	93392	76201	DTC 93- Xestión doutro patrimonio	0,00	196.759,57	194.461,21	194.461,21	152.575,93	152.575,93	152.575,93	2.298,36
					17.901.481,62	16.890.037,53	16.889.910,15	16.188.118,44	14.788.485,72	14.788.485,72	1.011.444,09

A liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2014 aprobouse por Resolución da Presidencia número 1315/2015, do 2 de febreiro. O resultado da devandita liquidación inclúe a cuantificación do superávit orzamentario de operacións non financeiras do exercicio 2014.

A aplicación do superávit orzamentario por operacións non financeiras citado concretouse a través dos acordos do Pleno corporativo que se indican a continuación:

- Aprobación do Expediente de Modificación de Crédito número 4/2015, na sesión plenaria do 8 de outubro de 2015. No devandito expediente inclúese unha dotación orzamentaria de 33.000.000,00 euros para o Plan de acción social (PAS) 2015.
- Aprobación das Bases reguladoras do Plan de acción social (PAS) 2015, en sesión do 8 de outubro de 2015. A base 2, finalidade e obxecto, require que os proxectos que se inclúan no PAS 2015 se refiran a “investimentos financeiramente sustentables” e así se acredita na documentación achegada polos concellos, todo iso de acordo coas normas de xeral aplicación.

A 31 de decembro de 2015 non se realizaron actos de xestión orzamentaria do PAS 2015, en consecuencia, o estado de execución é o seguinte:

Org.	Fun.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ou Compromisos	Obrigas Recoñecidas	Pagos Ordenados	de Créditos dispoñibles
0430	4536	76201	Plan de Acción Social, PAS 2015	0,00	33.000.000,00	33.000.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

IV.- INVESTIMENTOS FINANCEIRAMENTE SUSTENTABLES TRAMITADAS NO EXERCICIO 2016.

Ao longo do exercicio 2016 continuouse a tramitación e execución dos proxectos incluídos como investimentos financeiramente sustentables no “Plan DTC 93: Unha Deputación para todos os Concellos” e no Plan de acción Social (PAS) 2015, unha vez incorporados os remanentes de crédito do exercicio anterior, todo iso de conformidade co disposto no TRLRHL.

A situación a 31 de decembro de 2016 dos créditos orzamentarios asignados ao Plan DTC 93 contéñense no cadro seguinte:

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ó Compromisos	Obrigacións Recoñecidas	Pagos Ordenados	de Créditos disponibles
0430	1332	76201	DTC 93- Ordenación do tráfico e do estacionamento	0,00	173.195,25	173.195,25	154.921,68	123.311,56	123.311,56	123.311,56	0,00
0430	1533	76201	DTC 93- Pavimentación de vías públicas	0,00	963.542,77	875.819,79	856.952,45	676.180,01	402.434,77	402.434,77	87.722,98
0430	1602	76201	DTC 93- Rede de sumidoiros	0,00	64.783,34	64.783,15	64.783,15	64.783,15	64.783,15	64.783,15	0,19
0430	1652	76201	DTC 93- Iluminación pública	0,00	333.984,90	333.967,87	333.967,87	333.967,87	167.028,10	167.028,10	17,03
0430	1712	76201	DTC 93- Parques e xardíns	0,00	405.645,01	493.129,89	493.129,89	49.321,79	49.321,79	49.321,79	-87.484,88
0430	4534	76201	DTC 93- Estradas	0,00	266.282,83	266.282,83	265.625,86	265.625,86	265.625,86	265.625,86	0,00
0430	4542	76201	DTC 93- Camiños veciñais	0,00	415.957,75	412.155,10	399.435,53	237.355,71	214.503,44	214.503,44	3.802,65
0430	93392	76201	Subv. a concellos- DTC 93- Xestión doutro patrimonio	0,00	41.885,28	41.885,28	41.885,28	41.885,28	20.942,64	20.942,64	0,00
					2.665.277,13	2.661.219,16	2.610.701,71	1.792.431,23	1.307.951,31	1.307.951,31	4.057,97

A situación a 31 de decembro de 2016 dos créditos orzamentarios asignados no Plan de Acción Social (PAS) 2015 móstranse no cadro seguinte:

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ó Compromisos	Obrigacións Recoñecidas	Pagos Ordenados	de Créditos dispoñibles
0430	161	76201	Subv. a concellos- Abastecemento domic. de auga potable	0,00	977.993,85	971.316,46	909.723,26	41.038,43	0,00	0,00	6.677,39
0430	1333	76201	PAS 2015- Ordenación do tráfico e do estacionamento	0,00	280.375,64	258.914,26	190.495,64	137.846,47	0,00	0,00	21.461,38
0430	1534	76201	PAS 2015- Vías públicas	0,00	9.388.687,57	9.017.055,36	8.722.800,37	2.630.219,19	232.513,95	232.513,95	371.632,21
0430	1603	76201	PAS 2015- Rede de sumidoiros	0,00	1.659.835,55	1.614.812,63	1.252.254,67	209.724,98	73.331,80	73.331,80	45.022,92
0430	1653	76201	PAS 2015- Iluminación pública	0,00	1.255.969,75	1.234.551,22	958.496,11	82.890,76	0,00	0,00	21.418,53
0430	1713	76201	PAS 2015- Parques e xardíns	0,00	4.776.216,11	4.558.709,64	4.463.259,96	1.150.870,24	89.181,51	89.181,51	217.506,47
0430	3367	76201	PAS 2015- Protección e xestión patrimonio histórico-artist.	0,00	37.095,73	37.095,73	37.095,73	0,00	0,00	0,00	0,00
0430	4323	76201	PAS 2015- Información e promoción turística	0,00	106.992,04	106.890,41	106.890,41	0,00	0,00	0,00	101,63
0430	4413	76201	PAS 2015- Transporte de viaxeiros	0,00	58.318,39	58.318,39	58.318,39	0,00	0,00	0,00	0,00
0430	4422	76201	PAS 2015- Infraestrutura do Transporte	0,00	30.354,28	30.354,28	30.354,28	0,00	0,00	0,00	0,00
0430	4536	76201	PAS 2015- Estradas	0,00	3.470.208,09	3.296.049,96	3.202.658,80	846.132,74	180.870,27	180.870,27	174.158,13
0430	4543	76201	PAS 2015- Camións veciñais	0,00	1.709.027,21	1.709.027,21	1.516.475,40	0,00	0,00	0,00	0,00
0430	16213	76201	PAS 2015- Recollida de residuos	0,00	70.120,11	70.120,11	70.120,11	0,00	0,00	0,00	0,00
0430	17228	76201	PAS 2015- Programas de protección e mellora do medio	0,00	320.671,03	311.502,03	158.137,58	36.421,00	0,00	0,00	9.169,00
0430	93393	76201	PAS 2015- Xestión doutro patrimonio	0,00	8.628.597,51	8.073.238,80	7.590.217,69	2.842.898,76	783.490,69	783.490,69	555.358,71
					32.770.462,86	31.347.956,49	29.267.298,40	7.978.042,57	1.359.388,22	1.359.388,22	1.422.506,37

A liquidación do Orzamento provincial do exercicio 2015 aprobouse por Resolución da Presidencia número 1521/2016, do 25 de xaneiro. O resultado da devandita liquidación inclúe a cuantificación do superávit orzamentario de operacións non financeiras do exercicio 2015.

A aplicación do superávit orzamentario por operacións non financeiras citado concretouse a través dos acordos do Pleno corporativo que se indican a continuación:

- Aprobación do Expediente de Modificación de Créditos número 4/2016, na sesión plenaria do 28 de outubro de 2016. No devandito expediente inclúese unha dotación orzamentaria de 20.000.000,00 euros para o Plan POS+ 2017 a 31 de decembro de 2016 non se realizaron actos de xestión orzamentaria.

- Aprobación das Bases reguladoras do Plan POS+2017, en sesión do 25 de novembro de 2016. A base 2, finalidade e obxecto, permite que os proxectos que se inclúan no POS+2017 se refiran a "investimentos financeiramente sustentables" se así se solicita na documentación achegada polos concellos, todo iso de acordo coas normas de xeral aplicación.

A 31 de decembro de 2016 non se realizaron actos de xestión orzamentaria do POS+2017, en consecuencia o estado de execución é o seguinte:

Org.	Fun.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ou Compromisos	Obrigas Recoñecidas	Pagamentos Ordenados	de Créditos dispoñibles
0430	4599	76201	Subv. a concellos- Outras infraestruturas básicas	0,00	20.000.000,00	20.000.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

IV.- INVESTIMENTOS FIANCEIRAMENTE SUSTENTABLES TRAMITADOS NO EXERCICIO 2017.

No exercicio 2017 continuou a xestión e tramitación dos proxectos aprobados nas anualidades anteriores co carácter de "Investimentos Financeiramente Sustentables" (I.F.S).

A situación a 31 de decembro de 2017 dos créditos asignados a os investimentos financeiramente sustentables recóllese por partidas orzamentarias nos seguintes cadros:

a) Plan DTC 93, iniciado no exercicio 2014

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	IR	EMC 1/2017	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Obrigações Recoñecidas	Créditos dispoñibles economías
0430	1332	76201	DTC 93- Ordenación do tráfico e do estacionamento	31.610,12		31.610,12	31.495,74	31.495,74	114,38
0430	1533	76201	DTC 93- Pavimentación de vías públicas	454.517,68		454.517,68	454.517,68	93.448,17	0,00
0430	1652	76201	DTC 93- Iluminación pública	166.939,77		166.939,77	78.758,87	78.758,87	88.180,90
0430	1712	76201	DTC 93- Parques e xardíns	443.808,10		443.808,10	327.629,15	139.533,40	116.178,95
0430	4542	76201	DTC 93- Camiños veciñais	184.932,09		184.932,09	146.269,39	99.470,83	38.662,70
0430	93392	76201	Subv. a concellos- DTC 93- Xestión doutro patrimonio		20.942,64	20.942,64	20.942,64	20.942,64	0,00
				1.281.807,76	20.942,64	1.302.750,40	1.059.613,47	463.649,65	243.136,93

b) Plan de Acción Social (PAS), iniciado no exercicio 2015

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	IR	EMC	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Obrigacións Recoñecidas	Créditos dispoñibles
0430	1333	76201	PAS 2015- Ordenación do tráfico e do estacionamento	258.914,26		258.914,26	258.914,26	137.846,47	0,00
0430	1534	76201	PAS 2015- Vías públicas	8.784.541,41		7.970.392,63	7.840.074,55	5.300.069,16	130.318,08
0430	1603	76201	PAS 2015- Rede de sumidoiros	1.541.480,83		1.356.993,92	1.344.625,39	644.563,45	12.368,53
0430	1612	76201	PAS 2015- Abastecemento domic. de auga potable	971.316,46		838.351,15	798.260,75	443.296,05	40.090,40
0430	16213	76201	PAS 2015- Recollida de residuos	70.120,11		70.120,11	70.120,11	0,00	0,00
0430	1653	76201	PAS 2015- Iluminación pública	1.234.551,22		1.053.163,20	991.610,33	303.876,67	61.552,87
0430	1713	76201	PAS 2015- Parques e xardíns	4.469.528,13		4.181.089,29	4.057.507,93	2.521.915,66	123.581,36
0430	17228	76201	PAS 2015- Programas de protección e mellora do medio	311.502,03		285.223,18	274.541,15	100.436,25	10.682,03
0430	3367	76201	PAS 2015- Protección e xestión patrimonio histórico-artist.	37.095,73		26.937,02	26.937,02	26.937,02	0,00
0430	4323	76201	PAS 2015- Información e promoción turística	106.890,41		87.537,39	87.537,39	0,00	0,00
0430	4413	76201	PAS 2015- Transporte de viaxeiros	58.318,39		58.318,39	58.318,39	0,00	0,00
0430	4422	76201	PAS 2015- Infraestrutura do Transporte	30.354,28		18.161,06	18.160,96	18.160,96	0,10
0430	4536	76201	PAS 2015- Estradas	3.115.179,69		2.639.098,42	2.585.942,88	2.356.034,15	53.155,54
0430	4543	76201	PAS 2015- Camiños veciñais	1.709.027,21		1.386.354,01	1.362.425,91	790.387,30	23.928,10
0430	93393	76201	PAS 2015- Xestión doutro patrimonio	7.289.748,11		6.855.423,54	6.639.121,17	3.980.062,50	216.302,37
				29.988.568,27	0,00	27.086.077,57	26.414.098,19	16.623.585,64	671.979,38

c) Plan de Acción Social adicional (PAS adicional), 1/2015

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	IR	EMC 5/2017	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Obrigacións Recoñecidas	Créditos dispoñibles
0430	1534	76201	PAS 2015- Vías públicas		1.163.474,28	1.163.474,28	1.133.474,00	0,00	30.000,28
0430	1713	76201	PAS 2015- Parques e xardíns		493.066,74	493.066,74	493.066,74	0,00	0,00
0430	4422	76201	PAS 2015- Infraestrutura do Transporte		70.554,74	70.554,74	70.554,74	0,00	0,00
0430	4536	76201	PAS 2015- Estradas		60.490,72	60.490,72	30.246,77	0,00	30.243,95
0430	93393	76201	PAS 2015- Xestión doutro patrimonio		744.291,29	744.291,29	708.480,77	0,00	35.810,52
				0,00	2.531.877,77	2.531.877,77	2.435.823,02	0,00	96.054,75

d) Plan POS+2017, iniciado no exercicio 2016.

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	EMC 1/2017	EMC 3/2017	Créditos Totais	Retencións de Crédito	Obrigacións Recoñecidas	Créditos disponibles
0430	1535	76201	POS+ 2017- Vías públicas		7.746.358,41	7.746.358,41	7.428.120,52	53.264,91	317.687,89
0430	1604	76201	POS+ 2017- Rede de sumidoiros		1.925.064,36	1.925.064,36	1.922.154,40	13.215,26	2.909,96
0430	1613	76201	POS+ 2017- Abastecemento domiciliario de auga potable		847.379,80	847.379,80	847.379,80	0,00	0,00
0430	16214	76201	POS+ 2017- Recollida de residuos		36.630,67	36.630,67	36.630,67	0,00	0,00
0430	1654	76201	POS+ 2017- Iluminación pública		614.711,40	614.711,40	603.945,53	90.598,75	10.765,87
0430	1714	76201	POS+ 2017- Parques e xardíns		406.109,36	406.109,36	406.109,36	0,00	0,00
0430	4315	76201	POS+ 2017- Comercio		157.006,01	157.006,01	157.006,01	0,00	0,00
0430	4539	76201	POS+ 2017- Estradas		3.264.402,96	3.264.402,96	3.183.565,83	229.502,16	80.837,13
0430	4544	76201	POS+ 2017- Camiños veciñais		1.827.765,12	1.827.765,12	1.827.765,12	0,00	0,00
0430	4599	76201	Subv. a concellos- Outras infraestruturas básicas	20.000.000,00	-18.068.639,33			0,00	0,00
0430	93394	76201	POS+ 2017- Xestión doutro patrimonio		1.243.211,24	1.243.211,24	1.139.201,54	0,00	104.009,70
				20.000.000,00	0,00	18.068.639,33	17.551.878,78	386.581,08	516.210,55

e) O Plan POS+2017 ADICIONAL, iniciado no exercicio 2017.

Org.	Pro.	Eco.	Descrición	EMC 4/2017	EMC 5/2017	Créditos Totais	Retencións de Crédito	Obrigacións Recoñecidas	Créditos disponibles
0430	1334	76201	POS+ 2017- Ordenación do tráfico e do estacionamento		198.037,27	198.037,27	198.037,27	0,00	0,00
0430	1535	76201	POS+ 2017- Vías públicas		3.722.658,26	3.722.658,26	3.723.208,26	0,00	0,00
0430	1604	76201	POS+ 2017- Rede de sumidoiros		644.594,21	644.594,21	644.594,21	0,00	0,00
0430	1613	76201	POS+ 2017- Abastecemento domiciliario de auga potable		931.094,32	931.094,32	931.094,32	0,00	0,00
0430	1654	76201	POS+ 2017- Iluminación pública		184.269,73	184.269,73	184.269,73	0,00	0,00
0430	1714	76201	POS+ 2017- Parques e xardíns		520.258,36	520.258,36	520.258,36	0,00	0,00
0430	17229	76201	POS+ 2017- Programa de protección e mellora do medio		79.520,72	79.520,72	79.520,72	0,00	0,00
0430	4423	76201	POS+ 2017- Infraestrutura do transporte		50.000,00	50.000,00	50.000,00	0,00	0,00
0430	4539	76201	POS+ 2017- Estradas		2.203.586,16	2.203.586,16	2.203.586,16	0,00	0,00
0430	4544	76201	POS+ 2017- Camiños veciñais		796.577,50	796.577,50	796.577,50	0,00	0,00
0430	4599	76201	Subv. a concellos- Outras infraestruturas básicas	16.000.000,00	-9.633.109,42	5.572.567,31	5.572.567,31	0,00	0,00
0430	93394	76201	POS+ 2017- Xestión doutro patrimonio		302.512,89	302.512,89	302.512,89	0,00	0,00
				16.000.000,00	0,00	15.205.676,73	15.206.226,73	0,00	0,00

f) A liquidación do orzamento provincial do exercicio 2016 aprobouse pola por Resolución da Presidencia núm. 2697 do 25 de xaneiro de 2017. O resultado desta liquidación recolle a cuantificación do superávit orzamentario por operacións non financeiras do exercicio 2016.

A aplicación do superávit orzamentario por operacións non financeiras, levouse a cabo a través dos acordos corporativos que se indica de seguido:

- Aprobación inicial do Expediente de Modificación de créditos núm. 4/2017 na sesión plenaria do 29 de setembro de 2017. No devandito expediente inclúese unha dotación orzamentaria de 16.000.000,00 € para o Plan Adicional do POS+2017 e de 26.000.000,00 € como financiamento anticipado do POS+2018.
- Aprobación das Bases reguladoras do POS+2018, en sesión plenaria do 29 de setembro de 2017.
- Aprobación do Plan Adicional do POS+2017 por resolución da presidencia 40643 do 18 de decembro de 2017.

A 31 de decembro de 2017 non se realizaron actos de xestión orzamentaria do "POS+2017 Adicional" e do "POS+ 2018 Anticipado", en consecuencia o estado de execución é o seguinte:

Org.	Fun.	Eco.	Descrición	Créditos Iniciais	Créditos Totais consignados	Retencións de Crédito	Gastos Autorizados	Disposicións ou Compromisos	Obrigas Recoñecidas	Pagamentos Ordenados	de Créditos dispoñibles
0430	4599	76201	Subv. a concellos- Outras infraestruturas básicas	0,00	16.000.000,00	16.000.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
0430	4599	76201	Subv. a concellos- Outras infraestruturas básicas	0,00	26.000.000,00	26.000.000,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00

V.- CONSIDERACIÓNS FINAIS.

A modo de resumo final poden efectuarse as consideracións seguintes:

1ª.- A Deputación Provincial da Coruña destinou parte do superávit orzamentario por operacións non financeiras dos exercicios 2013, 2014, 2015 e 2016 a financiar "investimentos financeiramente sustentables" nos exercicios 2014, 2015, 2016, 2017 e anticipadamente, do ano 2018.

Os "investimentos financeiramente sustentables" do exercicio 2014 concretáronse a través do "Plan DTC93:Unha Deputación para todos os Concellos", os do exercicio 2015 están a executarse por medio do "Plan de acción social 2015", e os do exercicio 2016 están a executarse por medio do Plan POS+2017, os do exercicio 2017 están recollidos no POS+2017 Adicional e no POS+2018 anticipado.

2ª.- O estado de execución de cada un dos proxectos que integran os plans provinciais respectivos recóllese detalladamente nos informes do Servizo de Xestión de Plans Provinciais que se acompañan como anexos ao presente informe.

3ª.- Para a adecuada valoración da aplicación das normas de estabilidade orzamentaria e financeira vixentes na Deputación Provincial da Coruña é necesario indicar que non existe débeda ningunha por operacións de crédito con entidades financeiras a 31 de decembro de 2017. En consecuencia a utilización do superávit orzamentario como fonte de financiamento non ten como alternativa o seu destino "a reducir o nivel de endebedamento neto", a que se refire o artigo 32 e Disposición adicional sexta da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Hai que indicar respecto diso que o segundo parágrafo do apartado 5 da Disposición adicional décimo sexta do TRLRHL establece que "...no caso de que un proxecto de investimento non poida executarse integramente en 2014, a parte restante do gasto comprometido en 2014 poderase recoñecer no exercicio 2015 financiándose con cargo ao remanente de tesourería de 2014 que quedará afectado a ese fin por ese importe restante e a entidade local non poderá incurrir en déficit ao final do exercicio 2015.

Nada se indica sobre as actuacións orzamentarias a realizar e as consecuencias asociadas cando un proxecto de investimento contemplado como "investimento financeiramente sustentable" no exercicio 2014 continúa en execución ao final dos exercicios 2016 ou 2017.

É evidente, en todo caso, que se debe seguir garantindo o financiamento dos proxectos en execución e en tal sentido continúe resultando necesario afectar o remanente de tesourería de 2016 preciso. Tal circunstancia foi tida en consideración na Resolución da Presidencia pola que se aproba a liquidación do orzamento da Deputación do exercicio 2016 na que se recollen as "reservas" necesarias para a incorporación dos remanentes de crédito que se deron a 31/12/2015 nos Plans provinciais citados.

Idénticas consideracións, cambiando os anos de referencia (2015 e 2016) cabe indicar respecto da aplicación do superávit de operacións non financeiras do exercicio 2014.

No mesmo sentido exposto no apartado anterior hai que indicar que os investimentos financeiramente sustentables, financiados co superávit de operacións non financeiras do exercicio 2015 teñen a mesma limitación temporal citada referida aos exercicios 2016 e 2017. Polo tanto, con independencia da súa consideración a efectos de cuantificar a "Regra de Gasto" dos exercicios correspondentes e obvia a necesidade de reservar o Remanente de Tesourería necesario para garantir a financiación dos remanentes de crédito orixinados polos investimentos financeiramente sustentables que non se converteron en obrigacións recoñecidas a 31 de decembro de 2017.

4ª.- A través do cadro que se inclúe a continuación pode obterse unha visión gráfica da situación orzamentaria, financeira, contable e de aplicación da "Regra do Gasto" que se orixina na Deputación da Coruña pola aplicación dos sucesivos superávits de Operacións Non Financeiras dos exercicios 2013 a 2016.

SUPERÁVIT ANO	INVERSIONES FINANCIERAMENTE SUSTENTABLES	ANOS DE EXECUCIÓN REGRA DE GASTO	OBRIGACIÓN RECONOCIDAS POR EJERCICIO		IMPORTES (OR) NON COMPUTABLES REGRA DE GASTO	
2013	Plan DTC-93	2014	2014	136.869,71		0,00
		2015	2015	14.788.484,72		0,00
			2016	1.307.951,31	2016	1.307.951,31
			2017	463.649,65	2017	463.649,65
Total				16.696.955,39		1.771.600,96
2014	Plan PAS-2015	2015	2015	0,00		0,00
		2016	2016	1.359.388,22		0,00
			2017	16.623.585,54	2017	16.623.585,54
Total				17.982.973,76		16.623.585,54
2015	Plan POS+2017	2016	2016	0,00		0,00
		2017	2017	386.581,08		0,00
Total				386.581,08		0,00
2016	Plan POS+2017 Adicional	2017	2017	0,00		0,00
		2018	2018	0,00		0,00
Total				0,00		0,00
2016	Plan POS+2018	2017	2017	0,00		0,00
		2018	2018	0,00		0,00
Total				0,00		0,00
TOTAL PLANS				35.066.510,23		18.395.186,50

A información obtida no cadro exposto pon de manifesto varias das consideracións xa indicadas:

1ª.- A Deputación da Coruña materializou o superávit de Operacións Non Financeiras na única opción dispoñible para esta Entidade, ao non existir dende o exercicio 2014 débedas por operacións con entidades financeiras, é dicir, no financiamento de "investimentos financeiramente sustentables".

2ª.- Ao decidir os "investimentos financeiramente sustentables" que se han realizar en cada exercicio, o Pleno Corporativo optou por aprobar Plans de obras e investimentos dos Concellos da Provincia. En consecuencia déronse temporalmente as seguintes circunstancias:

- a. No exercicio 2014 a habilitación legal para utilizar o Superávit de Operacións Non Financeiras de 2013 se recolle no Real decreto lei 2/2014, do 21 de febreiro (BOE núm.59 con data do 09/03/2004) o que xa supón unha demora inicial no prazo para a súa execución. O mesmo ocorre no exercicio 2017, posto que a Lei de orzamentos do dito exercicio publicouse no Boletín Oficial do Estado núm. 153 con data do 28/06/2017.

- b. A aplicación do superávit de operacións non financeiras requiriu o preceptivo Expediente de Modificación de Créditos de competencia do Pleno da Corporación, ao habilitar créditos orzamentarios inexistentes no orzamento inicial de cada exercicio.
- c. Tamén se fixo necesaria a aprobación, publicación e a convocatoria do Plan correspondente que contempla, necesariamente, o prazo imprescindible para que cada concello elabore, supervise e aprobe o proxecto técnico da obra solicitada.
Por último, aprobado polo Pleno provincial o Plan correspondente, os concellos han de tramitar os expedientes de contratación correspondentes e, tralas actuacións contractuais requiridas, proceder a aprobar e tramitar as certificacións de obra correspondentes que permitan recoñecer e liquidar as obrigas e tramitar éstas ante a Deputación, para que, finalmente, esta poida recoñecer, a súa vez, a obrigación correlativa co concello inversor.

3ª.- Xustificados así os tempos de tramitación dos "Investimentos Financeiramente Sustentables" aprobados danse as consecuencias seguintes:

- Resulta imprescindible reservar, a 31 de decembro de cada exercicio, parte do Remanente de Tesourería obtido para financiar a incorporación dos Remanentes de Crédito orzamentarios xerados polos Investimentos Financeiramente Sustentables. En efecto, corresponden orzamentariamente a "compromisos legalmente adquiridos" que non poden quedar sen o financiamento orzamentario necesario para atender a súa execución. Esta "reserva" tamén é requirida polas normas orzamentarias que se refiren aos "Investimentos Financeiramente Sustentables", pero límitaas a os dous exercicios posteriores á obtención do "superávit de operacións non financeiras".
- As obrigas recoñecidas con posterioridade aos límites artificialmente dispostos nas normas orzamentarias que regulan os "Investimentos Financeiramente Sustentables" determinan que deben incluírse no cómputo da "regra do gasto do exercicio ou exercicios posteriores". Isto implica que investimentos que naceron como "financeiramente sustentables" deixen de ter este carácter de forma sobrevida. No caso da Deputación da Coruña esta situación dáse na aplicación no 2017 dos investimentos acometidos co Superávit de Operacións Non Financeiras dos exercicios 2013 (463.649,65 €) e 2014 (16.623.585,54 €), o que totliza 17.087.235,19 €. Estas obrigas recoñecidas no exercicio 2017 que xorden de investimentos caracterizados inicialmente como "financeiramente sustentables" que deixan de ter este carácter pola limitación legal citada, explican unha desviación na Regra do Gasto do exercicio 2017 polo seu importe.
- Debe reiterarse que a afectación do Remanente de Tesourería Provincial do exercicio 2016 ao financiamento das obrigas citadas resultaba orzamentaria e financeiramente ineludible pola Deputación, que non pode deixar sen cobertura orzamentaria e financeira os compromisos legalmente adquiridos en exercicios anteriores.

Por último, debe facerse unha mención singular ao establecido nos apartados 6 e 8 Real decreto lei 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o TRLRHL:

"6.- (parágrafo segundo) "Anualmente, xunto coa liquidación do orzamento, darase conta ao pleno da Corporación local do grao de cumprimento dos criterios previstos nos apartados anteriores e publicarase no seu portal web."

8. "O interventor da Corporación local informará ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos investimentos executados en aplicación do previsto nesta disposición."

Para dar cumprimento ás normas expresadas emítese o presente informe e o do Servizo de Xestión de Plans que se incorpora como anexo.

A Coruña, 17 de xaneiro de 2017

A XEFA DO SERVIZO DE ORZAMENTOS
E ASISTENCIA ECONÓMICA A CONCELLOS



Mª José Vázquez Sesmonde

O INTERVENTOR XERAL



José Manuel Pardellas Rivera